Sobre a información relativa aos datos de contaxios e falecementos por covid-19 nos centros de atención residencial para persoas maiores

- 29298 - 23866 (11/PRE-009794)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a incoación do expediente de ben de interese cultural para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside de Sada

- 28934 - 23883 (11/PRE-009797)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e Rodil Fernández, Olalla
Sobre a vulneración de dereitos fundamentais en residencias de maiores

- 28647 - 24176 (11/PRE-009818)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre o exercicio das competencias profesionais polo persoal das residencias de maiores

- 28645 - 24250 (11/PRE-009822)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio
Sobre a habilitación de centros intermedios para evacuar os casos positivos de covid nas residencias de maiores

- 29296 - 24333 (11/PRE-009834)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Castro García, Daniel e 2 máis
Sobre as xestións previstas pola Xunta de Galicia en relación coa Casa de Galicia en Montevideo

- 28932 - 24349 (11/PRE-009835)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Carreira Pazos, Iria e 2 máis
Sobre a atención a persoas lesbianas, gais, bisexuais e transxénero e as políticas para evitar a súa discriminación

- 28930 - 24379 (11/PRE-009838)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Otero Lago, Noelia e 3 máis
Sobre a valoración da Xunta de Galicia respecto do aumento de agresións contra persoas lesbianas, gais, transxéneros, bisexuais e intersexuais

- 29294 - 24423 (11/PRE-009839)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis
Sobre o criterio da Xunta de Galicia respecto da conveniencia da revisión ou da anulación das prórrogas e dos convenios asinados polo Ministerio de Fomento e a concesionaria da autoestrada AP-9 en 2011 e 2018

- 28929 - 24713 (11/PRE-009863)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e 2 máis
Sobre a postura da Xunta de Galicia respecto do impulso das políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade para a abolición da prostitución

- 28644 - 24767 (11/PRE-009870)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as medidas da Xunta de Galicia para reparar a discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación inclusiva

- 28642 - 24888 (11/PRE-009883)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a defensa da continuidade do Complexo Medioambiental de Lousame

- 29290 - 24895 (11/PRE-009884)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o grao de cumprimento da Lei 9/2019, de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario

- 28640 - 24930 (11/PRE-009890)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a elaboración da Estratexia galega de infraestrutura verde e de conectividade e restauración ecolóxica

- 29368 - 24938 (11/PRE-009891)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da pretensión do Goberno central de establecer o pagamento polo uso das autovías

- 28638 - 24968 (11/PRE-009892)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre o estado en que se atopan os traballos de elaboración do decreto que creará o Rexistro de Familias Monomarentais e Monoparentais de Galicia

- 29070 - 24975 (11/PRE-009893)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre o novo modelo residencial para persoas maiores e dependentes previsto pola Xunta de Galicia

- 28927 - 25037 (11/PRE-009898)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre a resolución da convocatoria das axudas do Programa Emega 2021

- 28635 - 25093 (11/PRE-009905)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Ortega Otero, Marina e 3 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da política de conciliación e corresponsabilidade

- 29068 - 25101 (11/PRE-009907)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coas familias monoparentais

- 28634 - 25244 (11/PRE-009926)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre as previsións da Xunta de Galicia de asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música

- 29066 - 25311 (11/PRE-009933)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para a creación dunha nova residencia de maiores e centro de día públicos no antigo inmoible do Rebullón en Mos

- 29288 - 25425 (11/PRE-009946)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 3 máis

Sobre a situación da Rede de centros de información ás mulleres

- 29064 - 25445 (11/PRE-009949)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a situación da Rede galega de atención temperá e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir os dereitos das nenas e dos nenos usuarios deste servizo

- 29062 - 25456 (11/PRE-009950)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a Estratexia galega de envellecemento activo 2016-2020

- 29286 - 25689 (11/PRE-009972)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego para elaborar o Plan de desenvolvemento rural para Galicia

- 28924 - 25766 (11/PRE-009980)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do deseño dunha estratexia de estabilidade económica e funcional para o servizo de atención temperá



- 28631 - 25870 (11/PRE-009991)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as razóns da limitada execución orzamentaria do Instituto de Estudos do Territorio en investimentos reais no ano 2020

- 29285 - 25884 (11/PRE-009993)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego en relación coa recuperación demográfica

- 29366 - 26178 (11/PRE-010012)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as medidas tomadas polo Goberno galego encamiñadas a garantir a execución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural para a actuación de obras relacionadas coa xestión da auga correspondentes ao período operativo 2014-2020

Santiago de Compostela, 3 de febreiro de 2022

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

1.5. Procedementos relativos a outras institucións e órganos

1.5.4. De ámbito europeo

1.5.4.1. Unión Europea

Resolución da Presidencia, do 26 de xaneiro de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello relativa á concesión dunha axuda macrofinanceira á República de Moldavia [COM(2022) 4 final] [2021/0438 (COD)] {SWD(2022) 1 final}

-11/UECS-000132 (28869) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello relativa á concesión dunha axuda macrofinanceira á República de Moldavia [COM(2022) 4 final] [2021/0438 (COD)] {SWD(2022) 1 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28869, o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de decisión do Parlamento Europeo e do Consello relativa á concesión dunha axuda macrofinanceira á República de Moldavia [COM(2022) 4 final] [2021/0438 (COD)] {SWD(2022) 1 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos legislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:



1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto lexislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto lexislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Resolución da Presidencia, do 26 de xaneiro de 2022, pola que se admite a trámite o escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Directiva do Consello pola que se fixan as modalidades de exercicio do dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais por parte dos cidadáns da Unión residentes nun Estado membro do que non sexan nacionais (versión refundida) [COM(2021) 733 final] [COM(2021) 733 final anexos] [2021/0373 (CNS)] { EC(2021) 576 final} {SWD(2021) 357 final} {SWD(2021) 358 final}

-11/UECS-000133 (28870) Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Directiva do Consello pola que se fixan as modalidades de exercicio do dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais por parte dos cidadáns da Unión residentes nun Estado membro do que non sexan nacionais (versión refundida) [COM(2021) 733 final] [COM(2021) 733 final anexos] [2021/0373 (CNS)] { EC(2021) 576 final} {SWD(2021) 357 final} {SWD(2021) 358 final}

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 28870, escrito das Cortes Xerais polo que se achega documentación relativa á solicitude da Comisión Mixta para a Unión Europea en relación coa Consulta sobre o principio de subsidiariedade relativo á Proposta de Directiva do Consello pola que se fixan as modalidades de exercicio do dereito de sufraxio activo e pasivo nas eleccións municipais por parte dos cidadáns da Unión residentes nun Estado membro do que non sexan nacionais (versión refundida) [COM(2021) 733 final] [COM(2021) 733 final anexos] [2021/0373 (CNS)] {EC(2021) 576 final} {SWD(2021) 357 final} {SWD(2021) 358 final}.

Conforme o establecido na norma segunda das Normas reguladoras do procedemento para o control do principio de subsidiariedade nos proxectos lexislativos da Unión Europea (no BOPG núm. 27, do 9 de decembro de 2016), resolvo:



1º. Trasladar o referido escrito á Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, e mais aos portavoces dos grupos parlamentarios e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

2º. Conforme o disposto na norma terceira das citadas normas, no prazo dos dez días naturais seguintes á remisión do proxecto de acto legislativo, os grupos parlamentarios poderán presentar propostas de ditame motivado nas que deberán expoñer as razóns polas que consideran que o proxecto de acto legislativo da Unión Europea resulta contrario, en todo ou en parte, ao principio de subsidiariedade.

As propostas de ditame motivado presentaranse ante a Mesa, que as cualificará e admitirá a trámite se reúnen os requisitos establecidos neste acordo.

A ausencia de propostas de ditame determinará a finalización do procedemento.

3º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa que teña lugar.

Santiago de Compostela, 26 de xaneiro de 2022

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 18840, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a aprobación do decreto de creación do Consello Galego de Participación Infantil e Adolescente, así como as funcións, composición e funcionamento que vai ter”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A participación dos nenos e nenas recoñécese na Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobado pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e ratificada polas Cortes Xerais do Estado o 30 de novembro de 1990. No seu artigo 12, recoñece o dereito da infancia a expresar a súa opinión en todos os asuntos que lles afecten, de xeito que as súas opinión poden ser tidas en conta. Tamén fan referencia a este dereito os artigos 13 (dereito á liberdade de expresión), 15 (dereito á liberdade de asociación) e 17 (dereito ao acceso á información adecuada) da Convención.

Neste marco é clave pór en marcha mecanismos cos que poder recoñecer o protagonismo social da nosa infancia, e a consellería de Política Social traballa intensamente para facer efectivo este dereito.

Así, en 2019 celebrouse en Castrelo de Miño o I Encontro Autonómico de Consellos de participación infantil e adolescente de Galicia, o que podemos considerar como o embrión do Consello Galego Autonómico de Participación.

Cómpre recordar neste ámbito que dende a Xunta de Galicia promóvese, en colaboración con UNICEF, a formación nos distintos concellos para a acreditación como Cidades Amigas da Infancia (CAI), como foco central no que desenvolver políticas proactivas á participación infantil.



Debido á situación sanitaria provocada pola pandemia da covid-19 non se puido reproducir este encontro no ano 2020, pero en 2021 si foi posible recuperar este encontro a través do formato de videoconferencia. Neste encontro, o Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica gabou a implicación das mozas e mozos que forman parte dos Consellos de Participación Infantil e Adolescente de Galicia, e ao mesmo tempo sinalou que o Goberno galego mantén o compromiso de crear un Consello Galego de Participación Infantil e Adolescente que sirva de espazo autonómico no que os diferentes organismos locais poidan compartir experiencias, propostas e iniciativas. Así mesmo, o director xeral tamén puido conversar con eles para saber cales son as súas principais inquiredanzas e intereses logo da pandemia da covid-19.

Neste sentido, o Goberno galego iniciou en 2021 o traballo de elaboración do decreto de creación deste órgano de Participación Infantil, co obxectivo de que en 2022 sexa sometido a información pública para recadar todas as achegas das entidades do sector e da cidadanía en xeral, de modo que este decreto sexa aprobado tamén neste ano 2022”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:15:03
Nº Rexistro: 28708
Data envío: 24/01/2022 11:15:03.382

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:15:00

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18851** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o contido dos proxectos remitidos pola Consellería de Política Social ao Goberno central para optar aos fondos europeos Next Generation”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os proxectos para optar aos fondos Next Generation, entre os que se atopan os da Consellería de Política Social, xa foron entregados aos grupos parlamentarios e aos axentes sociais.

Por outra parte, as características demográficas de Galicia fan necesario atender á dispersión da poboación, coa dificultade que isto supón na localización xeográfica dos recursos de atención á infancia en situación de risco, para priorizar a atención integral e compatibilizala co mantemento dos nenos, nenas e adolescentes dentro da súa contorna familiar, escolar e social. Co proxecto de centro de día itinerante preténdese realizar unha campaña para favorecer o acceso de toda a poboación en risco a un recurso itinerante de prevención das situacións de desprotección infantil que garanta a asistencia e compatibilícea co interese superior do menor permitíndolle manterse no seu ámbito familiar e social.

No que atinxe ao grao de ambición da proposta formulada, resulta complicado realizar un dimensionamento do grao de ambición da proposta formulada na medida en que non se dispón de información precisa e segura por parte do Goberno do Estado dos fondos que lle poderían corresponder a Galicia nin dos criterios de aplicación que se van a esixir. Non obstante, na medida en que esta falta de concreción permite continuar a abrir liñas de



traballo, a Consellería de Política Social lanzou unha convocatoria e manifestación de interese de proxectos autonómicos. Esta convocatoria está dirixida a identificar proxectos ou iniciativas que contribúan a desenvolver as liñas estratéxicas de actuación no ámbito social en Galicia, así como aquelas entidades interesadas en desenvolvelas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:14:56
Nº Rexistro: 28707
Data envío: 24/01/2022 11:14:56.491

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:14:54

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18852** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e dona Olalla Rodil Fernández, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da demanda ao Goberno central da cesión do edificio que viña ocupando o antigo centro de saúde da Estrada para a posta en marcha dun centro de día"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"Desde o ano 2009, Galicia incrementou nun 44% a oferta de prazas públicas en residencias de maiores, que pasou de 5.500 a máis de 8.000. A estas 8.000 prazas hai que sumarlle máis de 5.700 Bonos Residencia para axudar ás familias a pagar unha praza na residencia que prefiran mentres se atopan á espera dunha praza pública. Ademais, Galicia multiplicou por case catro as prazas en centros de día, pasando das 983 no 2009 a máis de 3.800 que existen na actualidade.

En relación ao concello de A Estrada conta cun total de 90 prazas públicas para maiores: 40 prazas na residencia de maiores da Xunta, 20 prazas no centro de día municipal (que abriu no 2019), 23 bonos para residencia ou centro de día e 10 prazas xestionadas con fondos públicos na Unidade Terapéutica para persoas con Alzheimer. Ademais, o concello da Estrada ten preto de 62.000 horas anuais de SAF asignadas polas que a Xunta pon á súa disposición máis de 670.000€. Por outro lado, o Concello está interesado na cesión dese inmovible para usos sociais, polo que agardamos que o Goberno Central acceda a esa cesión".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:14:49
Nº Rexistro: 28706
Data envío: 24/01/2022 11:14:49.851

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:14:45

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18867** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación en que se atopa a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, así como as actuacións previstas para paliar as carencias que padece"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia valora positivamente o labor desenvolvido dende a Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas, que dá cumprimento dunha maneira eficaz e profesional á encomenda que ten asignada a Administración autonómica para a protección e apoio daquelas persoas coa súa capacidade de obrar modificada.

A FUNGA conta na actualidade cun plantel de 27 traballadoras e traballadores, tras terse incorporado dúas novas profesionais no ano 2021. Con estas dúas incorporacións, tense producido un incremento dun 50% no número de empregados con respecto ao ano 2009. Está prevista a creación dun novo equipo multidisciplinar de tutela, que se incorporará proximamente ao plantel da Fundación.

No ano 2021, prestouse atención a un total de 3.578 usuarios e usuarias, nomeadamente 2.006 curadorías representativas, 504 curadorías convencionais, 45 administracións de bens e 411 defensas xudiciais, así como 51 pre-tutelas, constituíndo o resto de cargos tutelares baixas e usuarios falecidos durante o ano.

A organización do actual plantel de traballadoras e traballadores permite que non quede sen cubrir ningunha das responsabilidades que lle son propias á FUNGA, tanto o seguimento



e atención social ás persoas ao seu cargo, como os labores administrativos que os cargos tutelares conlevan, ou a protección e asesoramento xurídico, complementado co labor en materia patrimonial desenvolvido desde este último departamento.

A FUNGA conta cos recursos materiais precisos para o cumprimento das súas funcións tutelares, destacando as actuais instalacións onde desenvolve o seu traballo, que foron postas en servizo no ano 2018 e contan con todo o equipamento necesario. Adicionalmente, vense realizando un importante esforzo en materia de dixitalización da documentación e implementación de aplicacións informáticas que favorecen unha maior axilización do traballo e evitan trámites burocráticos, así como unha mellora continua no equipamento informático posto á disposición das traballadoras e traballadores. No ano 2020 produciuse a incorporación de dous novos profesionais ao plantel da Fundación, o que sumado ás incorporacións producidas no ano 2021, permite que actualmente poida contar con seis equipos de tutela organizados segundo distribución xeográfica. A incorporación destes profesionais permitiu tamén o reforzamento do departamento de xestión patrimonial, que xa conta con dúas persoas asignadas ás funcións que lle son propias.

A dotación orzamentaria da FUNGA ascende para o ano 2022 a 1.570.009,70 euros, cun incremento do 20,25% con respecto a 2021 e dun 32,17% con respecto a 2020, exemplificando o compromiso da Xunta de Galicia coa mellora das condicións de traballo na Fundación e garantindo que a asignación económica á FUNGA irá sempre acompañada coas súas necesidades, o que permite dar cumprida atención ás necesidades das persoas baixo a súa protección.

Todas as persoas baixo curadoría da FUNGA teñen acceso á carteira pública de servizos sociais en igualdade de condicións que calquera outro cidadán, polo que son candidatas a residiren nos mesmos sempre que así se estableza trala oportuna valoración das súas circunstancias. Para todas as persoas ás que se lles presta apoio por parte da Fundación, que precisen dunha praza residencial e que non cumpran os criterios legalmente establecidos para a cesión dunha praza pública, a FUNGA procura os recursos residenciais máis adaptados ás súas necesidades, sen preferencia por ningún tipo de empresa ou entidade, dando así cumprimento ás obrigas que asume a Fundación coa



aceptación dos diferentes cargos tutelares, entres as que destacan a prestación de alimentos, entendida como a cobertura das necesidades básicas de sustento, habitación, vestido e asistencia médica, consonte ao artigo 142 do Código Civil.

A Xunta de Galicia seguirá a dotar e ampliar os recursos cos que conta a Fundación de maneira acompañada ás necesidades que teña a FUNGA, tanto no tocante a recursos económicos como humanos e materiais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:14:40
Nº Rexistro: 28705
Data envío: 24/01/2022 11:14:40.773

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:14:38

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18868** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai o Goberno galego da situación en que se atopan os servizos sociais comunitarios, así como das súas intencións respecto do seu reforzo e reorganización”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Segundo os datos referentes aos Proxectos anuais de Servizos Sociais Comunitarios (PASSCM) presentados polos concellos de Galicia ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento aos efectos do establecido no Plan Concertado para o ano 2021, o persoal que figura nos ditos proxectos e presentados no ano 2021 ascende a un total de 1.754 traballadores. O perfil dos traballadores adscritos aos servizos sociais comunitarios dos concellos é moi variado: traballadores sociais, educadores sociais, psicólogos, pedagogos, auxiliares administrativos. En relación coa achega económica que achega a Xunta de Galicia para o seu financiamento, é preciso indicar que ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, o financiamento ascende no ano 2021 a máis de 12 M €”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:45:00
Nº Rexistro: 28943
Data envío: 26/01/2022 09:45:00.457

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:44:58

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18869**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a listaxe de persoas que integra o programa de asignación de recursos en materia de dependencia”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta cas previsións da Xunta de Galicia respecto da creación dun centro de día público no concello de Vilalbaon resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego planifica a creación de novos centros para maiores en toda Galicia de acordo a un estudo previo das necesidades que existan en cada zona, pero sempre co obxectivo de dar unha resposta comarcal a esa demanda e que, polo tanto, non se cinga única e exclusivamente aos potenciais usuarios que teña un municipio concreto.

Na zona da Terra Chá, á que pertence o concello de Vilalba, hai na actualidade tres centros en funcionamento pertencentes á rede da Xunta de Galicia. Estes centros, que están pensados como equipamentos de carácter supramunicipal para dar servizo a usuarios de varios concellos, están situados en Abadín, Begonte e Cospeito e todos eles dispoñen de prazas libres.

De todos os xeitos, Vilalba ten a posibilidade de promover e construír un centro de día de titularidade municipal, tal e como fan outros concellos. Neste caso, a Xunta estaría en disposición de colaborar na súa construción, mediante o financiamento da obra con fondos do Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia do programa Next Generation”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:14:33
Nº Rexistro: 28704
Data envío: 24/01/2022 11:14:33.773

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:14:31

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18870**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as principais irregularidades e incumprimentos detectados polos servizos de inspección de Política Social no tocante á xestión do servizo de axuda no fogar”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Inspección de Servizos Sociais de Galicia realizou, nos últimos cinco anos, un total de 455 visitas de inspección aos programas de axuda no fogar privados e autorizados para prestar este servizo no ámbito da comunidade autónoma.

As irregularidades detectadas máis frecuentes son a falta de supervisión no domicilio dos usuarios por parte do persoal técnico de coordinación.

Os servizos de inspección propuxeron a imposición de sancións fundamentalmente por incumprimento na supervisión dos usuarios e nas rateos de persoal. Os expedientes sancionadores incoados no período de referencia por incumprimento da normativa vixentes foron 30.

No ano 2020 por mor da pandemia da covid-19 impuxéronse algunhas sancións pola falta de persoal para prestar o servizo.

O número de empresas sancionadas durante este período foi de 25 e o total das sancións económicas impostas foi ao redor de preto de 300.000 €

Por outro lado, a Xunta negociou coa Fegamp o incremento da achega autonómica ao



Servizo de Axuda no Fogar. En base a este acordo, a contía que achega a Xunta a este servizo subirá un 24% ao longo desta legislatura pasando dos 9,7 euros/hora actuais aos 12 euros/hora no ano 2024”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:14:27
Nº Rexistro: 28703
Data envío: 24/01/2022 11:14:27.179

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:14:22

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18871**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o desenvolvemento normativo dos requirimentos materiais e funcionais de determinados servizos para persoas dependentes con discapacidade”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, supuxo un avance importante ao desenvolver o catálogo da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, en seis carteiras de servizos específicos para persoas con discapacidade: discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, autismo e enfermidade mental. Destacar que na elaboración destas carteiras participaron as distintas federacións de entidades do sector.

Esta norma, o Decreto 149/2013, do 5 de setembro, iniciou un cambio de enfoque na regularización dos servizos ao priorizar o que se fai nos centros sobre as características dos propios centros.

Tal e como se incluíu no Plan de Inspección do ano 2020 dende a Xunta de Galicia iniciouse o procedemento de desenvolvemento da normativa en materia de discapacidade estando actualmente en tramitación. Esta nova normativa paliará o déficit normativo existente en relación aos requisitos materiais e funcionais dos centros de discapacidade. É de destacar que a tramitación desta nova normativa é un procedemento complexo que require o cumprimento de diversos trámites, así como da emisión de distintos informes preceptivos,



sen prexuízo dun trámite necesario de consultas coas entidades do sector aos efectos de que sexa unha norma consensuada.

No ano 2020 e 2021 e no contexto da pandemia, a Xunta de Galicia centrou os seus esforzos na saúde e protección da poboación institucionalizada, polo que os procesos de desenvolvemento normativo víronse afectados pola crise sanitaria. Actualmente, ante a evolución da situación epidemiolóxica, dende o goberno autonómico continúaase a traballar na elaboración do texto normativo de desenvolvemento da normativa en materia de discapacidade que se entende debe ser unha norma consensuada coas entidades do sector. Polo exposto, incídese en que a Xunta de Galicia ten en marcha o proceso de elaboración do desenvolvemento do marco normativo referenciado o que subsanará o déficit normativo neste eido, sempre baixo a premisa de que debe ser un proceso participativo e consensuado coas entidades que conforman o tecido da atención á discapacidade. Así, esta normativa establecerá os requisitos materiais e funcionais dos distintos recursos residenciais e de atención diúrna, diferenciando por cada tipo de discapacidade: discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral adquirido, discapacidade intelectual, autismo e enfermidade mental.

Con este obxectivo trátase de buscar unha atención de calidade e adecuada a cada tipo de discapacidade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:14:17
Nº Rexistro: 28702
Data envío: 24/01/2022 11:14:17.961

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:14:14

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18872** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a planificación da Xunta de Galicia para garantir que a Atención Primaria sexa o auténtico eixe vertebrador do sistema sanitario”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Dende o ano 2018 a Xunta de Galicia activou unha serie de melloras estruturais no procedemento de valoración da discapacidade que permitiu axilizar o procedemento e aumentar de forma importante o número de resolucións e a redución, por conseguinte, do número de persoas que esperan polo recoñecemento.

Entre estas medidas pódese destacar a mellora da xestión de citas, a implantación da confirmación da mesma a través de SMS, coas que a porcentaxe de citas de valoración canceladas ou non realizadas se reduciron de máis do 35% a ser practicamente nulas, simplificación administrativa, potenciar a utilización da Historia Social Única no procedemento de discapacidade, e un importante incremento do persoal de valoración.

Na actualidade estase desenvolvendo o Plan especial de reforzo de persoal técnico no procedemento de valoración da discapacidade 2021-2022, financiado a través dos recursos adicionais do fondo de Axuda á Recuperación para a Cohesión dos Territorios de Europa (REACT-UE) canalizados a través do PO FSE Galicia 2014-2020, e forma parte da resposta da Unión Europea á pandemia ocasionada polo COVID-19.

Respecto á espera en cada unha das seccións de valoración é necesario indicar que, na práctica real do proceso de citación, depende de maneira moi importante do tipo de



expediente de valoración, xa sexa para a valoración de discapacidade física, psíquica ou mixta, do tipo de valoración inicial ou de revisión, así como do criterio de urxencia alegado”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:14:08
Nº Rexistro: 28701
Data envío: 24/01/2022 11:14:08.524

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:14:06

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18874** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o bono de alugamento social nos casos de mulleres afectadas pola violencia machista”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia habilita unha liña de axudas con máis de dous millóns de euros no ano 2021 para ofrecer unha oportunidade e garantir a autonomía e independencia ás vítimas da violencia de xénero, garantíndolles o acceso a un fogar.

Apoiar as vítimas de violencia de xénero, así como aos seus fillos e fillas no acceso a unha vivenda, supón darlles unha oportunidade de para comezar unha nova vida na que sexan capaces de recuperar a capacidade de tomar decisións sen temores e medos e con total e absoluta independencia.

A concesión é por un período de 12 meses, prorrogable dúas veces máis ata chegar a un máximo de tres anos.

Poderase solicitar tamén unha axuda única adicional, de ata 600 euros, que se destinará a atender as obrigas derivadas da constitución de fianza e da alta en subministracións ou a facer fronte a pagos atrasados.

O bono de alugueiro ten un importe máximo de 225, 200 ou 175 euros, dependendo do concello no que se atope a vivenda, que equivale ao 50% da contía máxima que pode acadar o prezo do alugueiro en cada zona.

En todo caso, a Xunta tomou a decisión de asumir o 100% da renda do alugueiro das persoas beneficiarias desta axuda, tal e como fixo en 2020; polas circunstancias sociais derivadas da pandemia da covid-19.



O Programa do bono de alugueiro social destinado ao alugamento de vivendas para as vítimas de violencia de xénero, está financiado polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

No marco da convocatoria deste programa no 2020 concedéronse 159 axudas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:44:48
Nº Rexistro: 28942
Data envío: 26/01/2022 09:44:48.441

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:44:46

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18877**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a listaxe de persoas que integra o programa de asignación de recursos en materia de dependencia”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Programa de Asignación de Recursos (PAR) en Galicia está formado, principalmente, polas persoas en situación de dependencia recoñecida que non perciben outra prestación do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia. O acceso ao recurso recoñecido se realiza por orde de prelación establecido normativamente no que prima o maior grao de dependencia recoñecido, a menor capacidade económica, a situación sociofamiliar da persoa en situación de dependencia, a non percepción doutras prestacións, a data da solicitude e idade da persoa solicitante. O principal recurso polo que as persoas se atopan á espera é o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), servizo de titularidade municipal no que a prestación efectiva correspóndelle ao concello titular do mesmo, e a Xunta de Galicia contribúe ao seu financiamento mediante o pago das horas efectivas de prestación do servizo. Respecto da atención en centros residenciais, o número de persoas á espera da asignación de praza pública é moito mais reducido e, en moitos casos, as persoas permanecen no PAR máis tempo porque as persoas renuncian á praza asignada inicialmente e prefiren esperar a dispoñer dunha da súa preferencia nun centro concreto e específico”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:14:00
Nº Rexistro: 28700
Data envío: 24/01/2022 11:14:00.649

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:13:58

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18880** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para ampliar a rede de puntos de encontro familiar e actualizar a súa normativa”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer as relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflictivo.

Entre outros, os PEF teñen os seguintes obxectivos:

- Favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación.
- Facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa.
- Garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.

A Rede de Puntos de Encontro Familiar de Galicia está integrada por sete centros, todos eles de titularidade da Xunta de Galicia, situados nas sete grandes cidades: Ferrol, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

Na actualidade a Xunta de Galicia está a analizar a mellora dos PEF xa existentes e o incremento do número dos mesmos na nosa Comunidade coa finalidade de dar unha cobertura máis ampla a toda a poboación, atendendo ás características de dispersión e núcleos rurais de Galicia.



Por todo isto, estase realizando un estudo detallado nesta materia para tomar a decisión máis eficiente e favorable aos usuarios.

Deste xeito, en 2022, Galicia vai duplicar a extensión da rede de Puntos de Encontro Familiar, pasando dos sete actuais a catorce, coa apertura do PEF do Barbanza e doutros seis novos centros comarcais, para as familias que precisan dun apoio para cumprir os réximes de visitas dos fillos.

Dende os PEF, abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. As derivacións a estes centros procedentes de xulgados de violencia de xénero reciben un tratamento diferenciado por parte do equipo multidisciplinar do propio PEF, distinto ao que recibe o resto de casos. De feito, todos os PEF de Galicia contan cun protocolo de actuación para que agresor e vítima non teñan ningún tipo de contacto. Desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica tense ratificado cos sete centros que este protocolo se está a aplicar con total normalidade en todos os centros de Galicia, sen que consten neste centro directivo incidencias ao respecto.

Ademais, mantense unha coordinación permanente cos recursos específicos, tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como con Xulgados, programas de intervención familiar, concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:13:53
Nº Rexistro: 28699
Data envío: 24/01/2022 11:13:53.430

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:13:51

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18882**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de maltratadores que teñen recoñecido en Galicia o dereito a visita aos nenos e nenas e que acoden aos puntos de encontro familiar”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os Puntos de Encontro Familiar (PEF) son un servizo que facilita e preserva a relación entre os menores e as persoas das súas familias en situacións de crise e que permite e garante a seguridade e o benestar das nenas e dos nenos e facilita o cumprimento do réxime de visitas. A norma que regula os puntos de encontro familiar en Galicia é o Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia.

Estes recursos constitúense como un equipamento social, de carácter neutral, especializado para o cumprimento do réxime de visitas establecido pola autoridade competente e que ten por obxecto favorecer a relación entre os menores e as súas familias cando, nunha situación de separación, divorcio, ou noutros supostos de interrupción da convivencia familiar, o exercicio do dereito de visitas vese interrompido ou o seu cumprimento resulta difícil ou conflitivo.

O obxectivo dos puntos de encontro familiar son, entre outros, favorecer o cumprimento do réxime de visitas como dereito fundamental dos menores e a manter a relación con ambos os proxenitores despois da separación, facilitar o encontro dos fillos co proxenitor non custodio e, de ser o caso, coa súa familia extensa e, ao mesmo tempo, garantir a seguridade dos menores durante o cumprimento do réxime de visitas e previr situacións de violencia.

Cómpre lembrar que a Xunta de Galicia non determina o acceso dos usuarios aos PEF, senón



que dito acceso realízase por derivación da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, logo da solicitude dos órganos xudiciais competentes ou, excepcionalmente, das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social, nos supostos de menores sobre os que a Comunidade Autónoma de Galicia teña asumida a tutela ou a garda.

Polo tanto, non é a Xunta de Galicia a que determina o acceso ao PEF dunha persoa condenada por violencia de xénero, senón que é o órgano xudicial competente. Respecto disto, dende os Puntos de Encontro Familiar abórdanse de maneira específica as intervencións de mulleres vítimas de violencia de xénero e os seus fillos e fillas. É dicir, as derivacións aos PEF procedentes de xulgados de violencia de xénero reciben un tratamento diferenciado por parte do equipo multidisciplinar do propio Punto de Encontro, distinto ao tratamento que recibe o resto de casos.

De feito, en todos os PEF de Galicia cóntase cun protocolo en relación ao réxime de visitas establecido xudicialmente para que agresor e vítima non teñan ningún tipo de contacto, e desde a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica tense ratificado coas entidades que xestionan estes centros que este protocolo se está a aplicar con total normalidade en todos os centros de Galicia, sen que consten neste centro directivo incidencias ao respecto.

Ademais, na actuación dos PEF mantense unha coordinación permanente cos recursos específicos, tanto os relativos á protección contra a violencia de xénero, como con Xulgados, programas de intervención familiar, Concellos e calquera entidade que realice actuacións nesta materia.

En canto aos datos aos que se refire a exposición de motivos, estes son públicos dado que constan na memoria anual deste departamento.

O número de casos atendidos no ano 2020 procedentes de xulgados de violencia de xénero son 24 en A Coruña, 37 en Lugo, 24 en Ourense, 9 en Pontevedra, 43 en Vigo, 20 en Ferrol e 44 en Santiago. Respecto da opinión sobre o feito de que un maltratador manteña dereitos



sobre as crianzas, lembramos que a Xunta de Galicia -ao igual que o resto de comunidades autónomas- executa o que establece o xulgado correspondente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:13:45
Nº Rexistro: 28698
Data envío: 24/01/2022 11:13:45.524

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:13:43

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18883**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o censo único de persoas usuarias de residencias de maiores anunciado pola Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Optimizar os fluxos de información das residenciais e dos seus usuarios cun censo común constitúe un primeiro paso na remodelación da atención residencial e na integración socio sanitaria. Este rexistro permitirá dispoñer dun axeitado control do número de usuarios dos centros de maiores e discapacidade autorizados pola Consellería de Política Social.

O censo materialízase mediante un rexistro informático das altas e baixas nos centros residenciais públicos e privados. Recollerá os datos de filiación do usuario, a data de ingreso así como a data e causa de baixa na residencia (falecemento, traslado, ou ingreso hospitalario).

Actualizarase diariamente e estará integrado informáticamente coas aplicacións tanto do sistema sanitario (historia clínica electrónica) como coa aplicación informática de xestión de centros residenciais públicos actual, ofertándose a conexión ás aplicacións informáticas de xestión de centros alleas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:13:38
Nº Rexistro: 28697
Data envío: 24/01/2022 11:13:38.977

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:13:36

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18890** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as políticas públicas dirixidas a impulsaren o acceso da mocidade á vivenda e ao emprego”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Co obxectivo de mellorar a autonomía, a mobilidade e a inserción laboral, e por ende a propia emancipación da mocidade, a Xunta de Galicia puxo en marcha en 2020 e 2021 senllas convocatorias de axudas para a obtención do carné de conducir de turismo ou de camiión, requisito clave, en moitas ocasións, á hora de acceder a un posto de traballo. Así mesmo, e tamén desde o eido da educación non formal, lévanse a cabo diferentes iniciativas que procuran mellorar as competencias e habilidades da xente moza, tales como o novidoso programa Xuventude Mentoring, iniciado en 2021 en colaboración coas tres universidades galegas. Trátase dun programa de formación e mentorizaxe no que profesionais de diferentes ámbitos comparten a súa experiencia e aprendizaxe cos mozos e mozas participantes, servíndolles de guía e orientación de cara á súa entrada no mercado laboral. Neste sentido, e co fin de poñer a disposición da xuventude galega máis ferramentas que axuden a ampliar o coñecemento dos recursos existentes, este 2022 activarase unha oficina virtual de orientación e asesoramento xuvenil que aclarará dúbidas en materia de formación, emprego ou vivenda, entre outras cuestións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 12:42:41
Nº Rexistro: 28753
Data envío: 24/01/2022 12:42:41.578

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 12:42:38

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18931**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Ovidio Rodeiro Tato e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os traballos e programas se están a desenvolver nas bibliotecas escolares galegas”**, (publicada no BOPG número 185 do 11 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 18932 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/11/2022; á que nos remitimos porque serviu para lembrar o traballo, a innovación educativa e funcionando das bibliotecas escolares en Galicia como espazos para a aprendizaxe, a exploración, a experimentación ou a creatividade. Son frecuentes os galardóns estatais ao seu traballo e, mesmo, son un exemplo de calidade e bo facer a nivel mundial como demostra o nomeamento da Rede de Bibliotecas de Galicia ao Premio Internacional Astrid Lindgren memorial Award 2022, un dos recoñecementos máis valorados no mundo do libro infantil e xuvenil.

Ademais, hai que lembrar que as políticas públicas a prol das bibliotecas escolares en Galicia están organizadas a partir do denominado Plan LÍA (de Lectura, Información e Aprendizaxe) que dota a estes espazos dos medios necesarios para convertelos en: laboratorios creativos de aprendizaxe e en lugares para a exploración, a experimentación, a creatividade, o traballo colaborativo, a inclusión e a construción compartida de coñecemento.

Galicia definiu e executou unha folla de ruta de éxito para o desenvolvemento de programas e actuacións vinculadas ás Bibliotecas Escolares e ao Fomento da Lectura. Fíxoo a través do primeiro Plan LÍA executado no período 2010-2015 e que, posteriormente, tivo continuidade co segundo Plan LÍA 2016-2020.



A Consellería de Cultura, Educación e Universidade fai unha avaliación positiva da implantación e execución destes dous plans e está dedicada ao desenvolvemento de novas medidas a prol das bibliotecas escolares que signifiquen dar continuidade e complementar ata 2025 o traballo feito ata agora”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:13:32
Nº Rexistro: 28696
Data envío: 24/01/2022 11:13:32.227

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:13:29

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18999** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a avaliación por parte da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da aplicación do Plan LÍA (lectura, información e aprendizaxe) 2016-2020 de bibliotecas escola”,** (publicada no BOPG número 185 do 11 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade,** que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 18932 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/11/2022; á que nos remitimos porque serviu para lembrar o traballo, a innovación educativa e funcionando das bibliotecas escolares en Galicia como espazos para a aprendizaxe, a exploración, a experimentación ou a creatividade. Son frecuentes os galardóns estatais ao seu traballo e, mesmo, son un exemplo de calidade e bo facer a nivel mundial como demostra o nomeamento da Rede de Bibliotecas de Galicia ao Premio Internacional Astrid Lindgren memorial Award 2022, un dos recoñecementos máis valorados no mundo do libro infantil e xuvenil.

Ademais, hai que lembrar que as políticas públicas a prol das bibliotecas escolares en Galicia están organizadas a partir do denominado Plan LÍA (de Lectura, Información e Aprendizaxe) que dota a estes espazos dos medios necesarios para convertelos en: laboratorios creativos de aprendizaxe e en lugares para a exploración, a experimentación, a creatividade, o traballo colaborativo, a inclusión e a construción compartida de coñecemento.

Galicia definiu e executou unha folla de ruta de éxito para o desenvolvemento de programas e actuacións vinculadas ás Bibliotecas Escolares e ao Fomento da Lectura. Fíxoo a través do





primeiro Plan LÍA executado no período 2010-2015 e que, posteriormente, tivo continuidade co segundo Plan LÍA 2016-2020.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade fai unha avaliación positiva da implantación e execución destes dous plans e está dedicada ao desenvolvemento de novas medidas a prol das bibliotecas escolares que signifiquen dar continuidade e complementar ata 2025 o traballo feito ata agora”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:00:21
Nº Rexistro: 29342
Data envío: 28/01/2022 12:00:21.665

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:00:18

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19025** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa titularidade e a xestión da Escola Infantil Municipal de Pontearreas, o proxecto de legalización das obras executadas para a súa ampliación e o procedemento sancionador aberto por esa causa, así como a construción dun novo centro no parque de Ferro-Ucha”**, (publicada no BOPG número 185 do 11 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En canto á Escola Infantil Municipal de Pontearreas, non cabe a suspensión do expediente xa que este está finalizado e pagado, polo que non está previsto que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar asuma ningunha escola infantil municipal en funcionamento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 12:42:27
Nº Rexistro: 28751
Data envío: 24/01/2022 12:42:27.406

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 12:42:25

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19041**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Felisa Rodríguez Carrera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración por parte da Xunta de Galicia das actuacións que se están a levar a cabo no instituto de educación secundaria Pedras Rubias de Salceda de Caselas”**, (publicada no BOPG número 185 do 11 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 19053 e debatida na Comisión 4ª de data 22/10/2021; á que nos remitimos porque serviu para reiterar o compromiso da Consellería de Cultura, Educación e Universidade coa ampliación do IES de Pedras Rubias en Salceda de Caselas, unha vez resolta a cuestión urbanística, a regularización xurídica da parcela e a cesión dos terreos.

Como actualización desa información cabe sinalar que a Xunta de Galicia estima un investimento de preto de 2,2 millóns de euros nas obras de ampliación do instituto IES Pedras Rubias, de Salceda de Caselas, co que se garantirá a incorporación das ensinanzas de Bacharelato. A ampliación realizarase de acordo co Plan de Nova Arquitectura Pedagóxica da Xunta de Galicia, que é a folla de ruta do Goberno galego para as infraestruturas educativas da próxima década, que aposta por un novo modelo de escolas máis flexibles, máis tecnolóxicas e sostibles, adaptado á situación poscovid.

Con data do 14/01/2022 a plataforma Contratos de Galicia recolle o anuncio da Consellería de Cultura, Educación e Universidade polo que se licita a redacción do proxecto desta actuación, por un importe de preto de 82.000€ e cun período de redacción de tres meses. Con este trámite administrativo iníciase o procedemento para a ampliación das actuais instalacións do instituto e dáse cumprimento ao compromiso do Goberno galego con



Salceda de Caselas para a incorporación do Bacharelato ao tempo que se atende a demanda das familias a este respecto”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:13:24
Nº Rexistro: 28695
Data envío: 24/01/2022 11:13:24.774

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:13:22

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19056** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a xestión e a oferta educativa dos conservatorios galegos e a necesidade de consensuar un novo modelo común"**, (publicada no BOPG número 185 do 11 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 16634 e publicada no BOPG número 178 , de data 02/08/2021; á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:44:35
Nº Rexistro: 28941
Data envío: 26/01/2022 09:44:35.832

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:44:33

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19202** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e dona Alexandra Fernández Gómez, sobre **“a xestión do Goberno galego en relación coa recuperación e a conservación das especies ameazadas”**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“As especies silvestres, particularmente as ameazadas, son obxecto dun seguimento específico para avaliación periódica do seu estado de conservación. Entre os traballos, inclúese a obtención de información sobre a evolución da área de distribución e o estado de conservación das súas poboacións.

Nos últimos anos, realizouse un seguimento específico das especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas, como: aguia real, mazarico real, aves mariñas reprodutoras, fentos de valgada, odonatos, etc., así como doutras que non se atopan no Catálogo, como o corvo mariño grande.

Asemade, todos os instrumentos de xestión de espazos naturais protexidos inclúen medidas específicas de xestión e conservación de especies de flora e fauna silvestre”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29090
Data envío: 27/01/2022 08:13:23.535

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:13:21

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19222** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia no relativo ao desenvolvemento da Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos”**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“Na demarcación hidrográfica Galicia Costa, coma no resto das demarcacións, a planificación hidrolóxica realizase mediante a redacción, seguimento e actualización dos plans hidrolóxicos de conca, en función do establecido na Directiva Marco da Auga e demais normativa de aplicación.

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa realiza unha análise exhaustiva do medio hídrico (estuda os recursos dispoñibles, as demandas, as presións as que está sometido o medio fluvial) e, en base a elo, realiza unha avaliación do estado das masas de auga (ríos, encoros, subterráneas, costeiras e transición) da demarcación. A partir dos resultados desta diagnose, establécense as medidas que se deben desenvolver para conseguir unha adecuada xestión dos recursos hídricos e do ciclo integral da auga.

Augas de Galicia actúa como promotora do plan e coordinadora de todo o proceso, pero a planificación hidrolóxica inclúe as medidas a adoptar por parte de todas as autoridades con competencias relacionadas coa xestión da auga, tanto a nivel estatal, autonómico, como local.

O Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica Galicia Costa fixa como obxectivos xerais a consecución do bo estado e a axeitada protección das masas de auga da demarcación, a satisfacción das demandas de auga e o equilibrio e harmonización do desenvolvemento rexional e sectorial.

Un dos contidos principais do citado Plan é o programa de medidas (PdM), que tal e como se



recolle no artigo 92 do Texto Refundido da Lei de Augas, ten como principal finalidade a consecución dos obxectivos ambientais baseándose en criterios de racionalidade económica e sustentabilidade.

O Programa de Medidas do Plan Hidrolóxico de Galicia-Costa 2015-2021 recolle as actuacións non só a executar por Augas de Galicia senón tamén por todos os organismos da administración local, autonómica e estatal, con competencias na xestión e protección dos recursos hídricos, coa fin de dar cumprimento aos obxectivos medioambientais das masas de auga da Demarcación. As intervencións propostas definíronse con base no resultado da avaliación de estado das masas de auga, e dos impactos e presións detectadas en cada unha delas, tendo en conta os obxectivos medioambientais que se deben acadar. Deste xeito, as actuacións incluídas no Plan de Medidas pretenden mitigar os efectos das presións, para así reducir os impactos e avanzar cara ao cumprimento dos obxectivos establecidos.

A planificación hidrolóxica é un proceso cíclico e iterativo, mediante o cal se deseñan as accións relacionadas co uso e a xestión das augas, coa finalidade de alcanzar determinados obxectivos ambientais e socioeconómicos.

Esta planificación hidrolóxica ten que axustarse ás esixencias comunitarias. O proceso de planificación hidrolóxica debe completarse cada seis anos. Actualmente estase en proceso de revisión dos plans hidrolóxicos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 12:00:09
Nº Rexistro: 29341
Data envío: 28/01/2022 12:00:09.071

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 12:00:05

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19223** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para corrixir o impacto acústico do proxecto de urbanización dos polígonos 1, 2 e 3 do Plan parcial San Paio de Navia, na cidade de Vigo”**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Os proxectos de urbanización da ampliación de San Paio de Navia, presentados no Concello de Vigo para a súa aprobación, contemplan medidas correctoras en materia de ruídos.

Por outra parte, antes da execución das obras de urbanización actualizarase o estudio acústico, que poderá propoñer novas medidas.

Como non pode ser doutro xeito, a Xunta de Galicia desenvolverá a ampliación de San Paio de Navia cumprindo a normativa vixente en materia de ruídos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:59:55
Nº Rexistro: 29340
Data envío: 28/01/2022 11:59:55.431

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:59:52

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19224** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a utilización do contido de plans de conservación e recuperación de especies ameazadas que non eran de acceso e coñecemento público”**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A información ambiental é facilitada a aqueles que así o solicitan no marco do establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, de acordo cos procedementos e limitacións establecidas nas citadas normas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:59:44
Nº Rexistro: 29339
Data envío: 28/01/2022 11:59:44.228

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:59:41

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19226** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e don Luís Bará Torres, sobre **“as previsións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para poñer en marcha un plan específico de contención e redución da poboación de visón americano”**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao visón americano, existe información sobre á distribución aproximada desta especie en Galicia, baseada tanto en capturas como en observacións directas dos exemplares ou os seus indicios.

A Xunta de Galicia vén desenvolvendo actuacións de prevención, control e erradicación de especies invasoras, contando cunha proposta técnica e unha análise de riscos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:59:32
Nº Rexistro: 29338
Data envío: 28/01/2022 11:59:32.869

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:59:30

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 19475**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado actual de desenvolvemento do programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta de Galicia nas estradas da súa titularidade e as novidades que presenta o novo contrato no que atinxe á avaliación e control do estado dos muros e noiros existentes na rede autonómica de estradas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director da Axencia Galega de Infraestruturas en resposta á pregunta oral en Comisión número 26603, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 19 de xaneiro de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director da Axencia Galega de Infraestruturas explicou que a Xunta leva investido 18,6 millóns de euros nos últimos 10 anos en actuacións para garantir a conservación e reforzar a seguridade das pontes e obras de paso das estradas autonómicas.



O director da Axencia Galega de Infraestruturas tamén indicou que, derivado da boa experiencia anterior, a Xunta comezou recentemente un novo programa, de inventario e inspección de noiros e muros na rede autonómica de estradas de Galicia, co obxectivo de avaliar a conservación de noiros e sistemas de contención das vías.

A resposta completa do director da Axencia Galega de Infraestruturas pode verse nos seguintes enlaces:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=2800)

[id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=2800](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=2800)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=3334)

[id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=3334](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=OTQwYmU0Y2YtNDdkNS00YWQ0LWEwMjYtZGNhNDk5ODU4MTY5&start=3334)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:59:10
Nº Rexistro: 29336
Data envío: 28/01/2022 11:59:10.197

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:59:07

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19494** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego relativas á corrección do topónimo de Ourense na sinalización viaria galega, singularmente na estrada Ou-536 (Ourense-Trives)”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 19495, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 237, do 2 de decembro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:58:47
Nº Rexistro: 29334
Data envío: 28/01/2022 11:58:47.729

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:58:45

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19571**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a apertura do centro social de Alende, no concello de Moraña, e a posta en funcionamento da Unidade de Atención ao Alzheimer”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia publicou o pasado mes de decembro na plataforma de Contratos Públicos de Galicia a licitación do servizo específico de estimulación terapéutica para persoas con alzhéimer e outras enfermidades neurodexenerativas no concello de Moraña.

A dotación de persoal e a intensidade do servizo axustarase ao establecido no prego de prescricións técnicas e ao prego de cláusulas administrativas que rexerán o contrato. En todo caso, o servizo contará co persoal adecuado e suficiente en areas tales como psicoloxía, terapia ocupacional ou fisioterapia, entre outras. E no que se refire á intensidade do servizo, este realizarase de modo que facilite a asistencia das persoas usuarias axustándose ás súas necesidades, en función dos seus plans de atención individual”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:12:58
Nº Rexistro: 28691
Data envío: 24/01/2022 11:12:58.353

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:12:56

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19989** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación do decreto que regule e acredite a condición de familia monoparental e as medidas prevista de apoio, prevención e loita contra a pobreza”**, (publicada no BOPG número 189 do 18 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma, que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias. Ademais, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do



registro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.

É dicir, a Xunta de Galicia está a aproveitar a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental, na mesma liña que están a facer outras comunidades autónomas.

O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.

Agora, a Consellería de Política Social está a traballar na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación.



En todo caso, o obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:09:37
Nº Rexistro: 28662
Data envío: 24/01/2022 11:09:37.076

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:09:34

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20012** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Consellería de Política Social para que as familias monoparentais e monomarentais avances en dereitos e recursos”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma, que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias. Ademais, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.



É dicir, a Xunta de Galicia está a aproveitar a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental, na mesma liña que están a facer outras comunidades autónomas.

O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.

Agora, a Consellería de Política Social está a traballar na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación.

En todo caso, o obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible



na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 12:42:13
Nº Rexistro: 28749
Data envío: 24/01/2022 12:42:13.485

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 12:42:10

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20018** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as actuacións levadas a cabo pola Consellería de Política Social respecto da coordinación dun itinerario específico para o colectivo de servizo de axuda no fogar”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo moi demandado na atención á dependencia que proporciona os servizos profesionais axeitados para o coidado da persoa en situación de dependencia ao tempo que posibilita a súa permanencia no seu entorno familiar. Un servizo que foi reforzado ao longo dos anos. Deste xeito, a Xunta de Galicia incrementou de maneira moi importante, e en distintas ocasións, o número máximo de horas dispoñibles para o seu financiamento aos distintos concellos de Galicia, titulares do servizo. Ao detectarse certas dificultades por parte dos concellos para o incremento do servizo, sexa por prestación directa ou a través de licitación do servizo nun contexto de custos crecentes, a Xunta de Galicia asinou un importante acordo coa FEGAMP co que, entre outras medidas, se acordou o incremento da achega autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar. En base a este acordo, a contía que achega a Xunta a este servizo subirá un 24% ao longo desta legislatura pasando dos 9,7 euros/hora actuais aos 12 euros/hora no ano 2024. Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión é municipal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28844
Data envío: 24/01/2022 14:07:18.480

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:07:16

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20062** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a información obtida pola Xunta de Galicia das auditorías realizadas nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Ao abeiro do Programa intensivo de auditorías en residencias, no ano 2020 se realizaron preto de 300 visitas para avaliar o cumprimento de protocolos e medidas fronte á covid-19.

As auditorías leváronse a cabo entre os meses de novembro e decembro, e foron efectuadas por técnicos superiores de prevención de riscos laborais. O plan procuraba supervisar o grao de implantación das medidas de seguridade, así como a súa actualización.

Para iso, realizáronse visitas e tamén se achegaron cuestionarios para avaliar a preparación do persoal encargado. Ademais, cando se detectou que algunha residencia necesitaba apoio, se desprazaron técnicos da Consellería de Política Social para implantar melloras naqueles eidos nos que fosen necesarios.

O programa tivo unha duración de aproximadamente un mes e foi complementario ás inspeccións sociais e sanitarias conxuntas que se fan de xeito ordinario.

No ano 2020 se realizaron dentro do Plan de Inspeccións máis de 1.132 comprobacións nos centros de servizos sociais, das que ao redor de 360 se levaron a cabo en residencias de



maiores e persoas con discapacidade. Para o 2021 o obxectivo é continuar mellorando e superar as 1.500 inspeccións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29088
Data envío: 27/01/2022 08:13:01.046

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:12:58

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20116** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a resposta e os protocolos ante casos de gromos de Covid-19 como o acontecido no Centro de Atención a Persoas con Discapacidade de Redondela”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os protocolos elaborados conxuntamente polas Consellerías de Sanidade e Política Social, establecen unha serie de medidas preventivas para minimizar a transmisión da covid-19 dentro dos centros residenciais. En función da situación específica do centro afectado, estas medidas pódense modular adaptándoas tanto á situación epidemiolóxica do centro, ao estado de inmunidade dos usuarios e traballadores, así como ao risco inherente da persoa. Buscando un equilibrio entre a maior protección e seguridade dos mesmos e a menor interferencia posible no seu benestar e modo de vida. Tendo en conta o número de centros residenciais e o número de usuarios existentes na nosa Comunidade, a aparición dun brote non debe cuestionar a idoneidade dos protocolos sobre o total, onde o resultado está sendo eficaz.

A información dos casos producidos así como a adopción do reforzo das medidas de control e cribado foron transmitidas puntualmente tanto ao persoal do centro, familiares e opinión pública”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:12:35



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20125** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas de detección e prevención da covid-19 que mantén en vigor a Xunta de Galicia nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As medidas de detección e prevención da Covid-19 que mantén en vigor a Xunta de Galicia nas residencias de maiores, aparecen recollidas no protocolo conxunto das Consellerías de Sanidade e Política Social do 9 de agosto do 2021.

Galicia realiza cribados periódicos en todos os centros de maiores, o que permite identificar canto antes a existencia dalgún contaxio. Tamén se levan a cabo probas diagnósticas ás persoas que ingresan nas residencias para descartar contaxios.

Ademais, a Xunta de Galicia realiza cribados semanais a todos os profesionais aos que se lles achega continuamente test de antíxenos para que poidan facer probas de forma inmediata ante calquera sospeita. Por outro lado, nos centros onde se produciu algún brote a maioría dous casos foron asintomáticos, e os mais graves tiveron mais relación coa súa fragilidade por contar con patoloxías previas, que pola propia infección”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:09:23
Nº Rexistro: 28660
Data envío: 24/01/2022 11:09:23.623

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:09:20

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20130** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto da publicación dos datos de persoas falecidas en residencia de maiores durante a pandemia e as reflexións do Goberno galego respecto dos datos de falecementos nas residencias de maiores públicas”**, (publicada no BOPG número 191 do 25 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social resolveu conceder o acceso á información pública nas que se solicitaba coñecer o número de persoas falecidas nas residencias de persoas maiores de Galicia por mor da pandemia do coronavirus.

De acordo coa normativa aplicable, esta resolución foi notificada ás persoas solicitantes e ás entidades interesadas. Dentro do prazo regulamentariamente establecido, varias destas entidades presentaron recurso fronte a devandita resolución ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O artigo 22.2 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, sinala que ‘Se existiu oposición de terceiro, o acceso só terá lugar cando, concedéndose devandito acceso, transcorrese o prazo para interpoñer recurso contencioso administrativo sen que se formalizara ou fose resolto confirmando o dereito a recibir a información’.





Polo exposto, e segundo o disposto na devandita norma, o acceso á información solicitada producirase unha vez sexa resolto o recurso contencioso administrativo, en caso de confirmarse o dereito a recibir a información”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29084
Data envío: 27/01/2022 08:12:15.533

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:12:12

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20361** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Secretaría Xeral de Igualdade dos datos da Memoria anual da Fiscalía Superior de Galicia, que reflicten un forte incremento dos procesos por violencia machista e delitos sexuais, así como as actuacións concretas postas en marcha ou previstas polo Goberno galego en materia de prevención da violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 193 do 31 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os datos estatísticos que recolle a Memoria da Fiscalía Superior de Galicia corresponden ao ano 2019 e indican, de maneira clara un importante aumento dos procesos xudiciais, (non denuncias), tanto no relativo á violencia de xénero como ás agresións e abusos sexuais.

Neste sentido a valoración que fai a Secretaría Xeral da Igualdade é a de situarnos ante un escenario no que é positivo que afloren todas as condutas violentas cara as mulleres, sen deixar de evidenciar que a violencia de xénero segue a ser unha manifestación de enorme gravidade contra os dereitos das mulleres e impropia dunha sociedade democrática. É importante tamén resaltar que falar de aumento de procesos xudiciais non é falar de aumento de denuncias, que no caso da violencia de xénero, sufriu en 2019 un lixeiro incremento, pasando de 6.537 denuncias en 2018, a 6.551 en 2019 (+ 0,30%).

En todo caso, e dentro dos datos que contén a memoria, é moi positivo comprobar como aumentan as condenas en violencia de xénero, 403 máis que en 2018, o que supón un incremento do 40,95% , pasándose de 984 sentenza condenatorias en 2018 a 1.387 en 2019, o que nos indica unha maior sensibilización e formación xudicial neste eido.

Desde a Xunta de Galicia a mensaxe para a cidadanía segue a ser que pese aos imponderables que coexisten nunha materia tan sensible como é violencia de xénero, non existe impunidade algunha e o Estado de Dereito funciona.



A este respecto, sinalar que tal e como se recolle na Disposición Adicional 4ª da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, o goberno da Xunta de Galicia remitirá anualmente ao Parlamento de Galicia un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia que contará coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da mesma.

O dito informe correspondente ao 2019 foi presentado pola secretaria xeral da Igualdade en novembro de 2020, e nel figuran a totalidade de accións, programas e proxectos desenvolvidos pola totalidade dos departamentos que integran a Xunta de Galicia no eido da prevención e o tratamento da violencia de xénero.

Aínda que se entregou copia do dito informe a todos os grupos parlamentarios, poden acceder a el no seguinte enlace:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_lei11-2007_ano_2019.pdf

Por último, destacar ademais que a Secretaría Xeral da Igualdade executou, en 2019, o 98% dos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que lle corresponden para a posta en marcha das medidas incluídas no mesmo e que son de competencia autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:09:09
Nº Rexistro: 28658
Data envío: 24/01/2022 11:09:09.904

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:09:07

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20362** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia dos esforzos realizados en materia de prevención da violencia de xénero á vista dos datos reflectidos en diversos estudos e enquisas oficiais, así como a avaliación de cada unha das medidas levadas a cabo ao abeiro do Pacto de Estado na materia”**, (publicada no BOPG número 193 do 31 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os datos estatísticos que recolle a Memoria da Fiscalía Superior de Galicia corresponden ao ano 2019 e indican, de maneira clara un importante aumento dos procesos xudiciais, (non denuncias), tanto no relativo á violencia de xénero como ás agresións e abusos sexuais.

Neste sentido a valoración que fai a Secretaría Xeral da Igualdade é a de situarnos ante un escenario no que é positivo que afloren todas as condutas violentas cara as mulleres, sen deixar de evidenciar que a violencia de xénero segue a ser unha manifestación de enorme gravidade contra os dereitos das mulleres e impropia dunha sociedade democrática. É importante tamén resaltar que falar de aumento de procesos xudiciais non é falar de aumento de denuncias, que no caso da violencia de xénero, sufriu en 2019 un lixeiro incremento, pasando de 6.537 denuncias en 2018, a 6.551 en 2019 (+ 0,30%).

En todo caso, e dentro dos datos que contén a memoria, é moi positivo comprobar como aumentan as condenas en violencia de xénero, 403 máis que en 2018, o que supón un incremento do 40,95% , pasándose de 984 sentenza condenatorias en 2018 a 1.387 en 2019, o que nos indica unha maior sensibilización e formación xudicial neste eido.

Desde a Xunta de Galicia a mensaxe para a cidadanía segue a ser que pese aos imponderables que coexisten nunha materia tan sensible como é violencia de xénero, non existe impunidade algunha e o Estado de Dereito funciona.



A este respecto, sinalar que tal e como se recolle na Disposición Adicional 4ª da Lei 11/2007, de 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, o goberno da Xunta de Galicia remitirá anualmente ao Parlamento de Galicia un informe sobre a situación da violencia de xénero en Galicia que contará coas achegas de todos os departamentos implicados na prevención e no tratamento da mesma.

O dito informe correspondente ao 2019 foi presentado pola secretaria xeral da Igualdade en novembro de 2020, e nel figuran a totalidade de accións, programas e proxectos desenvolvidos pola totalidade dos departamentos que integran a Xunta de Galicia no eido da prevención e o tratamento da violencia de xénero.

Aínda que se entregou copia do dito informe a todos os grupos parlamentarios, poden acceder a el no seguinte enlace:

http://igualdade.xunta.gal/sites/default/files/files/documentos/informe_lei11-2007_ano_2019.pdf

Por último, destacar ademais que a Secretaría Xeral da Igualdade executou, en 2019, o 98% dos fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que lle corresponden para a posta en marcha das medidas incluídas no mesmo e que son de competencia autonómica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:09:03
Nº Rexistro: 28657
Data envío: 24/01/2022 11:09:03.217

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:09:01

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 20691**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o baleirado dos encoros galegos polas compañías hidroeléctricas”**, (publicada no BOPG número 193 do 31 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda** que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 15 de setembro de 2021 pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 20692.

Na súa intervención, a conselleira respondeu sobre o expediente sancionador aberto pola Xunta de Galicia e polas actuacións levadas a cabo en relación ao baleirado de encoros.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 15 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:56:35





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20759** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación dos menores tutelados no centro Santo Anxo de Rábade”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia está aberta permanentemente ao diálogo e ao entendemento co persoal do centro Santo Anxo de Rábade. Proba disto é que, ao contrario do que se expón de xeito erróneo nesta pregunta escrita, representantes da Xunta de Galicia teñen mantido contactos presenciais co persoal do centro en cinco ocasións -catro delas no propio centro- nos últimos meses. Pese á situación de pandemia, a Consellería de Política Social mantivo e seguirá mantendo contacto co persoal do centro Santo Anxo de Rábade co obxectivo de seguir mellorando o funcionamento do centro. Neste sentido, na reunión mantida a principios do pasado mes de maio entre o director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e a secretaria xeral técnica da Consellería de Política Social con representantes do colectivo de educadores do centro Santo Anxo, tratáronse cuestións relativas ao seu funcionamento cun talante moi positivo por parte de todas as persoas presentes.

Posteriormente, nos meses de xuño e de setembro realizáronse senllas visitas ao centro por parte de representantes da Consellería de Política Social, na que se mantiveron contactos co comité de empresa, coa dirección e con traballadores do centro.

Todas as persoas implicadas no funcionamento deste centro comparten o interese por garantir o seu bo funcionamento e, sobre todo, o cumprimento da súa finalidade, que é a protección integral dos mozos e mozas que residen nel. Por suposto, esta finalidade debe desenvolverse coa garantía plena, ao mesmo tempo, de asegurar as mellores condicións dos traballadores no desempeño do seu posto de traballo.

Sobre isto, nas distintas xuntanzas trasladouse aos traballadores que nos últimos meses, e



dentro da competencia da Entidade Pública, para a designación do centro de protección máis adecuado para cada neno, nena ou adolescente, estase realizando unha análise máis detallada dos perfís dos mozos e mozas propostos polos correspondentes equipos técnicos para asegurar que o centro Santo Anxo de Rábade sexa o centro idóneo para desenvolver un traballo integral cos menores que garanta a súa protección e a cobertura de todas as súas necesidades. Froito destes encontros cos traballadores, tamén se están actualizando protocolos e regulamentos internos co fin de dotarlles aos educadores de ferramentas adecuadas para o desenvolvemento das súas funcións, dentro das limitacións que establece a normativa para este tipo de centros. Tamén se están planificando programas de formación específicos que se impartirán no propio centro para facilitar a asistencia e implicación de todo o persoal.

Completan todas estas actuacións os contactos que se están realizando coas autoridades sanitarias para desenvolver proxectos de colaboración e coordinación que realicen unha intervención específica neste centro que axude ao persoal a abordar con seguridade e éxito cada un dos menores derivados a Santo Anxo. En todo caso, convén aclarar que é erróneo que o centro non estea a admitir novos ingresos, como se formula na pregunta.

En canto ás saídas do centro para o cumprimento de medidas xudiciais, desde o ano 2016 ingresaron no centro Santo Anxo de Rábade 195 mozos e mozas, e a inmensa maioría deles - o 85%- non precisaron ser derivados a un centro de reforma para o cumprimento de medidas xudiciais”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28842
Data envío: 24/01/2022 14:07:03.840

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:07:00

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20824** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os contidos da Radio Galega durante o verán”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Corporación de Radio e Televisión de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A programación da Radio Galega para o verán 2021 artellouse en base a unhas liñas estratéxicas centradas no cumprimento da misión de servizo público de información e entretemento á audiencia galega. Nese senso, de luns a venres emitíronse cada día vinte horas en directo, mentres que os sábados e domingos 15 horas en directo, cifra substancialmente por enriba do resto de emisoras do panorama radiofónico, con todos os esforzos técnicos e humanos que iso supón durante o período estival. O deseño da grella de programación de verán afondou nas grandes marcas da emisora pública, para propiciar a continuidade da conexión da audiencia cos grandes contedores. Así, mantívose en emisión os seguintes programas:

Programas informativos: Galicia por Diante, Galicia por Diante Fin de Semana e A Tarde.

Informativos: Galicia por Diante e A Crónica.

Deportes: Zona Mixta, Ao Contraataque, Galicia en Goles.

Cultura: Diario Cultural (tres edicións diarias en xullo e dúas en agosto)

Madrugada: Pensando en Ti de luns a domingo de cinco horas de duración.

Así mesmo, a dirección da Radio Galega apostou polo humor nas franxas da última hora da tarde e madrugada, cos programas A Bóla Extra e Como que non?, ademais da difusión de



programas de Televisión de Galicia caracterizados pola linguaxe radiofónica. A grella completouse coa emisión de programas musicais de autor, procedentes de Radio Galega Música, na fin de semana, como é o caso de Fondos Reservados, Cara B, Consellería do Ritmo e Galicia Emerxe.

Como sempre sucede coas redifusións, emítense de forma continuada indicativos nos que se recorda á audiencia que está escoitando un produto radiofónico repetido e seleccionado baixo o título de 'mellores momentos' da temporada anterior. En consecuencia, A Bóla Extra e outros dos programas da Radio Galega que experimentaron redifusións contaron con numerosos indicativos de explicación á audiencia.

As incidencias ás que se refire na súa pregunta foron puntuais, no marco de desenvolvemento dunha grella de programación ambiciosa con máis de tres cuartos dos formatos emitidos en directo.

A dirección da Radio Galega defende o éxito da súa programación de verán, semellante á da temporada 2020-21, coincidindo co ano en que a emisora pública de Galicia acadou a cifra máxima de audiencia dos seus trinta e cinco anos de historia".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:56:11



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20891** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o Complexo Medioambiental de tratamento de residuos sólidos urbanos de Lousame”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego considera complementarios e necesarios os sistemas de tratamento de residuos alternativos a Sogama, especialmente no caso de determinados fluxos de residuos municipais.

Todos deben cumprir cos obxectivos e coas obrigas establecidas pola normativa comunitaria en canto á recollida separada de residuos e ao principio de xerarquía na súa xestión”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 12:42:05
Nº Rexistro: 28748
Data envío: 24/01/2022 12:42:05.719

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 12:42:03

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 20943**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a actuación da Xunta de Galicia ante o baleirado dos encoros do Cenza e das Portas, na provincia de Ourense”**, (publicada no BOPG número 197 do 9 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 15 de setembro de 2021 pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 21077.

Na súa intervención, a conselleira respondeu sobre o expediente sancionador aberto pola Xunta de Galicia e polas actuacións levadas a cabo en relación ao baleirado de encoros.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 15 de setembro de 2021:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:56:00



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 21246** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as previsións da Administración autonómica respecto da actualización e materialización do aumento na súa aportación ao servizo de axuda no fogar”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O Servizo de Axuda no Fogar é un servizo moi demandado na atención á dependencia que proporciona os servizos profesionais axeitados para o coidado da persoa en situación de dependencia ao tempo que posibilita a súa permanencia no seu entorno familiar. Un servizo que foi reforzado ao longo dos anos.

Deste xeito, a Xunta de Galicia incrementou de maneira moi importante, e en distintas ocasións, o número máximo de horas dispoñibles para o seu financiamento aos distintos concellos de Galicia, titulares do servizo. Ao detectarse certas dificultades por parte dos concellos para o incremento do servizo, sexa por prestación directa ou a través de licitación do servizo nun contexto de custos crecentes, a Xunta de Galicia asinou un importante acordo coa FEGAMP co que, entre outras medidas, se acordou o incremento da achega autonómica ao Servizo de Axuda no Fogar. En base a este acordo, a contía que achega a Xunta a este servizo subirá un 24% ao longo desta lexislatura pasando dos 9,7 euros/hora actuais aos 12 euros/hora no ano 2024.





Aínda que o SAF é financiado na súa maior parte polo Goberno autonómico, a súa xestión é municipal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:06:37



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 21251**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do baleirado dos encoros e a súa incidencia na extinción dos lumes da xornada do 7 de setembro”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda** que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 15 de setembro de 2021 pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 20692.

Na súa intervención, a conselleira respondeu sobre o expediente sancionador aberto pola Xunta de Galicia e polas actuacións levadas a cabo en relación ao baleirado de encoros.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 15 de setembro de 2021:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:55:40
Nº Rexistro: 29318
Data envío: 28/01/2022 11:55:40.262

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:55:37

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 21278**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o aumento das agresións LGTBifóbicas e as previsións do Goberno galego de accións específicas contra elas”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino ademais a través de todos os seus departamentos, pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Neste sentido, Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei, a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que consolida o principio da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

A inclusión social plena, con independencia da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero, constitúe unha das prioridades do Goberno galego.



Coa finalidade de avanzar cada día máis neste compromiso, estase a traballar da man de asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

En particular, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Decreto 131/2018, do 10 de outubro) estase a loitar a prol da promoción e garantía da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI.

O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero é un órgano colexiado, con carácter consultivo e de participación social. Está integrado pola Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UXT, CCOO, CDIF e CIG e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Ademais é un órgano aberto á participación de todas as entidades que traballan na Comunidade na defensa do colectivo LGTBI, e conta actualmente con presenza de Nós Mesmas, Casco A Coruña, A.L.A.S. A Coruña, LesCoruña, Avante LGTB, Chrysallis Galicia, Pvlse de Vigo e a Rede educativa de apoio LGTBI+ de Galicia.

Froito deste traballo conxunto é o Regulamento de funcionamento do mesmo, no que se inclúe un procedemento específico para a tramitación de denuncias, e que se vén de aprobar na sesión plenaria do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que tivo lugar o día 6 de xullo de 2021.

Nesa mesma sesión consensuouse un comunicado de apoio aos dereitos do colectivo LGTBI e de rexeitamento de calquera forma de discriminación por razón de orientación sexual, identidade de xénero ou características sexuais das persoas.

Así, as entidades que integran o Observatorio referendaron un comunicado no que condenan calquera acción ou delito de odio contra as persoas LGTBI. "Defendemos o compromiso de todas as administracións no deseño de políticas decididas; de todos os axentes implicados para perseguir coa lei na man estes comportamentos



inconcibibles; e do conxunto da sociedade galega, que ten un papel fundamental para valorizar a diversidade afectiva, sexual e de xénero”.

A declaración do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero pretende ser unha mostra de compromiso real de toda a Comunidade na defensa dos dereitos dos colectivos LGTBI, ao amosar o desexo de traballar por unha Galicia inclusiva, igualitaria, respectuosa, xusta e democrática para “abrazar unha verdadeira cultura da diversidade fronte aos discursos do odio e dos prexuízos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:43:58
Nº Rexistro: 28938
Data envío: 26/01/2022 09:43:58.114

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:43:55

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 21328**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o retraso por parte da Xunta e Galicia da comunicación ás empresas hidroeléctricas das medidas preventivas respecto do baleirado dos encoros que foron obxecto de expediente sancionador”**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 15 de setembro de 2021 pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 21077.

Na súa intervención, a conselleira respondeu sobre o expediente sancionador aberto pola Xunta de Galicia e polas actuacións levadas a cabo en relación ao baleirado de encoros.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 15 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178)



Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 17 de setembro de 2021 pola secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 20775.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDAwNjlkZmItZGM5ZS00MWM2LWExNzktNmQxZThiZTQzZjJk&start=129](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDAwNjlkZmItZGM5ZS00MWM2LWExNzktNmQxZThiZTQzZjJk&start=129)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:55:02
Nº Rexistro: 29315
Data envío: 28/01/2022 11:55:02.013

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:54:58

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 21640**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e dona Mercedes Queixas Zas, sobre **“a protección das Brañas do Deo nos concellos de Aranga, Oza-Cesures e Curtis”**, (publicada no BOPG número 203 do 23 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia xa está traballando para dotar dunha maior protección a este enclave natural. A través dun estudo para determinar a presenza de hábitats de interese comunitario en Galicia, co fin de avaliar o seu estado e definir medidas de conservación. E a través dun novo servizo para a determinación do estado de conservación, deseño dun sistema de seguimento e redacción de medidas de conservación para os queirogais e matogueiras de Galicia.”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:08:56
Nº Rexistro: 28656
Data envío: 24/01/2022 11:08:56.733

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:08:54

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 22077** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a xestión e inspección da residencia de maiores Concepción Arenal, na Coruña, e doutros centros de maiores privatizados”**, (publicada no BOPG número 203 do 23 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Non houbo opción a decidir se a Xunta se persoaba ou non xa que foi o Xulgado quen considerou que a posición da Xunta no procedemento é a de responsable civil subsidiario (aquele que deba indemnizar ás vítimas se o condenado polo delito non fose solvente). Esta posición no procedemento impide que a Xunta se persoe no mesmo pois a súa posición está xa fixada polo xulgado e é a de responsable civil subsidiario.

Os feitos que se están a axuizar son da máxima relevancia pero polos motivos expostos anteriormente a Xunta de Galicia non tivo a posibilidade de persoarse no procedemento pois xa foi chamado ao mesmo en calidade de responsable civil subsidiario.

Por outro lado, a inspección de servizos sociais regúlase na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e na normativa de desenvolvemento.

A Consellería de Política Social conta na actualidade con 29 profesionais que prestan servizo na Subdirección de Autorización e Inspección de Servizos Sociais, nas diferentes áreas: servizos comunitarios e inclusión social, maiores, discapacidade e dependencia e familia e menores. Tamén conta co apoio de diverso persoal nas xefaturas territoriais correspondentes.

Todas as situacións irregulares detectadas de oficio, denunciadas por particulares ou por asociacións, son debidamente investigadas polos servizos de inspección coa correspondente



adopción das medidas que procedan en cada caso.

Anualmente lévanse a cabo un control de legalidade de cada centro e servizo, así como as actuacións correspondentes derivadas do plan de inspección.

Co obxecto de reforzar os recursos existentes, a Consellería de Política Social levou a cabo unha nova edición do curso de capacitación para o posto de inspector/a de servizos sociais en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública, que habilita para o desenvolvemento da función inspectora, co obxecto de contar cunha bolsa de contratacións para cubrir posibles postos vacantes.

Así mesmo, contratouse persoal de apoio co fin de axilizar a tramitación de expedientes sancionadores, tanto nas fases de inicio e resolución do procedemento nos servizos centrais, como na fase de instrución nos distintos servizos provinciais.

Por último, a Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, determina como se prestarán os servizos neste ámbito. Neste eido, esta disposición normativa sinala que os servizos de atención á dependencia, entre os que se inclúen os de carácter residencial, prestaranse a través da oferta pública da rede de servizos sociais polas respectivas comunidades autónomas mediante centros e servizos públicos ou centros privados concertados.

Pola súa parte, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, regula no seu artigo 29 a forma de prestación dos servizos sociais de Galicia, sinalando que os referidos servizos serán prestados polas administracións públicas galegas a través das seguintes fórmulas:

- a) A xestión directa.
- b) A xestión indirecta no marco da normativa reguladora dos contratos do sector público.
- c) Mediante o réxime de concerto social previsto na propia lei.
- d) Mediante convenios con entidades sen ánimo de lucro.



Polo tanto, a normativa reguladora dos servizos de atención á dependencia prevé a coexistencia de centros públicos de atención residencial de titularidade da administración autonómica de xestión directa con outros de xestión indirecta

Neste sentido, a elaboración e aprobación desta Lei realizouse nun período legislativo no que o grupo parlamentario que formula esta pregunta, como membro do executivo galego, ostentaba as competencias en materia de política social”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29080
Data envío: 27/01/2022 08:11:24.232

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:11:20

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 22155**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o baleirado dos encoros da conca Miño-Sil, as sancións pola alteración do nivel das augas e as competencias sobre as bacías hidrográficas”**, (publicada no BOPG número 203 do 23 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda** que ten o seguinte contido:

“Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 15 de setembro de 2021 pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 20692.

Na súa intervención, a conselleira respondeu sobre o expediente sancionador aberto pola Xunta de Galicia e polas actuacións levadas a cabo en relación ao baleirado de encoros.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 15 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178>

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:54:12

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 22244**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as limitacións de niveis máximos e mínimos de baleirado dos encoros da demarcación Galicia-Costa"**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Esta mesma cuestión foi contestada na sesión do Pleno do pasado 15 de setembro de 2021 pola Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 21077.

Na súa intervención, a conselleira respondeu sobre o expediente sancionador aberto pola Xunta de Galicia e polas actuacións levadas a cabo en relación ao baleirado de encoros.

Enlace ao vídeo do Pleno celebrado o pasado 15 de setembro de 2021:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NGEwMGZhMmEtOWI4MS00Nzc3LTg5YTMtMzU0OWRhZTA0YmJj&start=10178)



Esta mesma cuestión foi contestada na sesión da Comisión 7ª do pasado 17 de setembro de 2021 pola secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, en resposta á pregunta oral 20775.

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=ZDAwNjlkZmItZGM5ZS00MWM2LWExNzktNmQxZThiZTQzZjJk&start=129](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDAwNjlkZmItZGM5ZS00MWM2LWExNzktNmQxZThiZTQzZjJk&start=129)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:54:03
Nº Rexistro: 29310
Data envío: 28/01/2022 11:54:03.217

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:54:00

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 22299** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a folga dos traballadores da empresa Imerys Kiln Furniture, na Guarda”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A conselleira de Emprego e Igualdade, deu resposta o pasado 27 de outubro de 2021 a unha pregunta oral formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, número de rexistro 22300, sobre si o Goberno galego ía constituír unha mesa para a resolución negociada do conflito entre a empresa IKF e os traballadores e traballadoras e asumir un papel proactivo na loita contra a precarización do traballo e a defensa dos dereitos das persoas traballadoras.

Tal e como informou, o Goberno galego mantén un papel proactivo na loita contra a precarización do traballo na defensa dos dereitos de todos os traballadores e traballadoras. Desde o momento no que tivo constancia da situación de folga dalgúns traballadores da empresa IKF, a Xunta de Galicia púxose á enteira disposición e tomou a iniciativa de contactar ao presidente e ao secretario do Comité de Empresa para todo o que puidesen precisar, así como ao concello.

A negociación continúa entre ambas partes e o seguimento por parte da Xunta de Galicia tamén, mantendo contacto cos implicados e co concello, centrándose o conflito neste momento en dous asuntos: a dobre escala salarial e o incremento salarial.

Neste sentido, a Consellería de Emprego e Igualdade ten que sinalar que non ten competencias para constituír unha mesa de negociación dun convenio colectivo e que para iso está o Consello Galego de Relacións Laborais, tal e como está regulado polo principio de



autonomía das partes, en virtude do artigo 82 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Os convenios colectivos son resultado da negociación libremente adoptada polos representantes dos traballadores e dos empresarios e, polo tanto, a Administración autonómica non pode nin debe entremeterse nas negociacións que sexan mantidas entre a patronal e as persoas traballadoras, máis si estar ao dispor do que se poda precisar, como é o caso. Cabe sinalar ademais que a empresa IKF rexeitou a mediación co Consello Galego de Relacións Laborais, o organismo previsto para o exercicio de funcións de mediación laboral e apoio á negociación colectiva na nosa comunidade, o cal non implica que a Xunta de Galicia continúe a intentar a axudar a resolver este conflito laboral.

Remitimos o enlace á resposta:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZDhiN2EyN2MtNjFmYy00Y2YwLTk5MGEtNDdlZGYxYWMOZmYw&start=8129#share> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:53:40
Nº Rexistro: 29308
Data envío: 28/01/2022 11:53:40.139

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:53:37

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 22416** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as obras na Ponte Nafonso, entre os concellos de Noia e Outes, e a protección do seu patrimonio”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 22417, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no BOPG número 246, do 22 de decembro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:53:17
Nº Rexistro: 29306
Data envío: 28/01/2022 11:53:17.670

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:53:14

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 22473**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os beneficios da Tarxeta Xente Nova para a mocidade galega”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“O carné xove é unha tarxeta persoal para a mocidade galega expedida pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social.

Con este documento, as persoas usuarias poden acceder a unha chea de descontos e vantaxes en múltiples entidades e establecementos en Galicia, no resto das comunidades autónomas e nos 40 países europeos adheridos ao programa Carné Xove Europeo (European Youth Card).

O Carné Xove inclúe descontos nos transportes para o tramo de idade do carné (isto é dos 12 aos 30 anos). Estes descontos poden consultarse na seguinte ligazón:

http://xuventude.xunta.es/images/carneXove/guia/Transporte_por_Provincias_e_Alsa.pdf ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28837
Data envío: 24/01/2022 14:06:26.606

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:06:24

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 22489**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o peche temporal do centro de día público de Chantada”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A actividade dos centros de día do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da Consellería de Política Social, así como do resto de centros de día que non forman parte da rede pública autonómica, cesou o pasado 16 de marzo de 2020 en aplicación do “Protocolo conxunto da Consellería de Política Social e da Consellería de Sanidade para os centros de servizos sociais como consecuencia da situación e evolución do coronavirus (COVID-19)”, e o posterior Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, por el que se declara el estado de alarma para la gestión de la situación de crisis sanitaria ocasionada por el COVID-19.

A reapertura xeral destes centros de atención diúrna, prodúcese o 15 de xullo de 2020, aplicándose as medidas que establecen as sucesivas actualizacións do devandito protocolo conxunto, e prestando especial atención á incorporación pautada de usuarios e á utilización pertinente dos diferentes espazos dentro dos centros de día.

Dende entón, o centro de día de Chantada retomou a súa actividade, sen que se rexistrara ningún peche por falla de persoal. Cabe salientar, neste sentido, que ningún dos centros da rede de atención a persoas maiores do Consorcio Galego veuse na necesidade de pechar ningún día debido á carencia de traballadores.

No caso do centro de día de Chantada, informouse do positivo por COVID dunha persoa usuaria o sábado, día 4 de setembro de 2021. O luns, día 6 de setembro, o centro é informado dun segundo caso de contaxio dunha persoa usuaria que esa xornada non acude o centro. De acordo co protocolo de actuación e de maneira inmediata, o centro recibe a



indicación, por parte da área sanitaria, de cesar preventivamente a súa actividade, coas correspondentes instrucións para a realización de probas diagnósticas extensivas a todos os usuarios e persoal do centro.

Así pois, o luns, 6 de setembro, en cumprimento das instrucións recibidas, o centro cesa a súa actividade, previa información a todas as persoas usuarias e as súas familias. Así mesmo, procédese ao traslado puntual das instrucións que ao longo dos vindeiros días ditaminou a área sanitaria.

O luns, 14 de setembro, cumpridas as pautas sanitarias recibidas ao longo deses sete días, e tendo os resultados negativos das diferentes probas diagnósticas aplicadas ao conxunto de usuarios e traballadores, o centro retoma a súa normal actividade, previo aviso a todas as persoas usuarias e as súas familias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 28836
Data envío: 24/01/2022 14:06:19.497

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 14:06:17

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 22616**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as axudas para o fomento e a promoción de rodaxes audiovisuais ao abeiro do programa Hub da industria cultural, e as próximas iniciativas”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 23150 e debatida na Comisión 4ª de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia do 12 de novembro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre o Hub Audiovisual e as convocatorias que desenvolverán ao seu abeiro como: a Galicia Film Comisión, as subvencións para o desenvolvemento de grupos de proxectos, o polo de talento do sector audiovisual, o plan creativo e empresarial para videoxogos ou a creación dun fondo transversal para o conxunto da industria cultural”

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=YjBhYzNiNDEtYzljNS00NmIwLWFhY2EtMzYxNjU5NTRiMmFl&start=151](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YjBhYzNiNDEtYzljNS00NmIwLWFhY2EtMzYxNjU5NTRiMmFl&start=151)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:52:50

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 22996** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as residencias de titularidade pública xestionadas polo grupo empresarial DomusVi en Galicia”**, (publicada no BOPG número 211 do 7 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As residencias de titularidade pública xestionadas polo grupo DomusVI en Galicia son as seguintes:

Residencia de maiores de Ribeira

Ribeira

Residencia de maiores Concepción Arenal

A Coruña

Residencia de maiores de Bembrive

Vigo

Residencia de maiores de Larouco

Larouco

Residencia de maiores de Laraxe

Cabanas

Residencia de maiores de Castro Riberas de Lea

Castro de Rei



Residencia de maiores de Bande

Bande

Residencia de maiores Fundación José Otero-Carmela Martínez

Santiago de Compostela

Por outro lado, non existe ningunha distorsión na información recollida no RUEPSS tal e como se indica na pregunta, posto que os centros mencionados Residencia de maiores de Vimianzo, Residencia de maiores de Monforte, Residencia de maiores de Viveiro e Residencia de maiores de Ourense-centro, son de titularidade e xestión privada. Dita información aparece en dito rexistro”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29075
Data envío: 27/01/2022 08:10:18.358

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:10:15

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 23026** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e don Luis Bará Torres, sobre **“a construción dunha ruta de sendeirismo polo río Mendo no concello de Oza-Cesuras”**, (publicada no BOPG número 211 do 7 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 23027, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo número 2 do BOPG número 229, do 18 de novembro de 2021, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:52:30
Nº Rexistro: 29302
Data envío: 28/01/2022 11:52:30.296

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:52:27

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtq5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 23053** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a construción de novas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 211 do 7 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os novos proxectos de centros residenciais para persoas dependentes nacen cun obxectivo e cun contexto claros e ben definidos: investir nas persoas. A atención aos nosos maiores é fundamental na acción deste Goberno. Por iso, se poñerán en marcha sete novas residencias, con 900 prazas públicas, financiadas e construídas pola Fundación Amancio Ortega. Tamén crearemos unha nova residencia pública de Antas de Ulla.

E ademais cos fondos europeos construiremos a primeira residencia piloto do novo modelo de coidados, en Ribeira, con preto de 100 prazas públicas. Neste senso, o concello de Ribeira ofreceu á Xunta de Galicia o terreo e o edificio onde se atopaba a discoteca Hesta Kurva, co fin de crear neste inmovible unha nova residencia de atención residencial para persoas maiores que será pioneira nesta etapa post-covid”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29072
Data envío: 27/01/2022 08:09:44.022

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:09:39

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 23309**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e don Luís Bará Torres, sobre **“a localización da Planta de Transferencia de Residuos de Sogama no concello de Riotorto”**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación a dita planta de transferencia, a Xunta prosigue cos estudos técnicos para elixir o emprazamento que cumpra cos requisitos para acoller unha instalación estratéxica na rede de infraestruturas que porá en marcha o Goberno galego para a valorización da materia orgánica”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:08:29
Nº Rexistro: 28653
Data envío: 24/01/2022 11:08:29.936

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:08:27

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 23341** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o desafiuzamento das familias inquilinas das vivendas da Sareb no concello de Silleda”**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“Cómpre lembrar que o Estado é actualmente o propietario de máis do 45% da Sareb e, polo tanto, cumpre o papel de arrendatario fronte aos actuais inquilinos. Por este motivo, a Xunta instou ao Goberno central a analizar a situación das persoas que actualmente habitan unha vivenda da Sareb e plantexar alternativas que resolvan a situación na que se atopan os inquilinos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:51:55
Nº Rexistro: 29299
Data envío: 28/01/2022 11:51:55.031

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:51:52

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 23466** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a información relativa aos datos de contaxios e falecementos por covid-19 nos centros de atención residencial para persoas maiores”**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Política Social leva vinte meses enviando un informe diario a todos os medios de comunicación con cada caso positivo rexistrado en cada centro residencial, ademais da idade e o sexo de cada falecido que se produciu.

Tamén informamos ao Ministerio de Sanidade dúas veces por semana tal e como pediu. Aínda hoxe, sen apenas casos, seguimos informando semanalmente dos casos que se producen nas residencias entre os seus usuarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:08:08
Nº Rexistro: 28650
Data envío: 24/01/2022 11:08:08.468

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:08:06

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 23866**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a incoación do expediente de ben de interese cultural para o Museo de Arte Contemporánea Carlos Maside, de Sada"**, (publicada no BOPG número 218 do 28 de outubro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 8736 e debatida no pleno de Parlamento do 11 de febreiro de 2021; á que nos remitimos porque ofrece información sobre todas as actuacións realizadas pola Xunta de Galicia no relativo ao Museo Carlos Maside".

O debate pode ser consultado no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?>

[id=M2MyZmRhYTktMDE0Yy00MzI4LWFjZGYtN2lyYzljOTI0ThiMzk1&start=1393](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2MyZmRhYTktMDE0Yy00MzI4LWFjZGYtN2lyYzljOTI0ThiMzk1&start=1393)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:51:43
Nº Rexistro: 29298
Data envío: 28/01/2022 11:51:43.297

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:51:40

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 23883 formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Olalla Rodil Fernández, sobre **“a vulneración de dereitos fundamentais en residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 218 do 28 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As medidas de contención que se aplican nos centros de servizos sociais teñen que ser sempre o último recurso. Deben usarse de xeito temporal e en todos os casos coa finalidade de evitar un mal maior.

O Protocolo da Inspección de servizos sociais establece dous requisitos para a súa aplicación: contar cunha prescrición médica e cun consentimento informado da persoa usuaria ou representante legal.

No caso de que do resultado das actuacións inspectoras se presuma a existencia de ilícitos penais, dáse o oportuno traslado ao Ministerio Fiscal.

Todas as situacións irregulares detectadas de oficio, denunciadas por particulares ou por asociacións respecto ao incumprimento da rateo, falta de persoal de apoio, sobreocupación ou indebida prestación dos servizos, constatadas polos servizos de inspección que dean lugar a incumprimentos da legalidade vixente dan lugar ao correspondente inicio de procedemento sancionador.

A Inspección de Servizos Sociais leva a cabo actuacións inspectoras diariamente tanto de oficio, como por denuncia ou a petición de orde superior e ademais realiza as actuacións



derivadas do plan de inspección anual correspondente publicado no Diario Oficial de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:43:09
Nº Rexistro: 28934
Data envío: 26/01/2022 09:43:09.006

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:43:06

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 24176** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“o exercicio de competencias profesionais do persoal das residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 221 do 4 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“As funcións das distintas categorías do persoal laboral que presta servizos nas residencias de maiores veñen establecidas no Convenio colectivo do persoal laboral do IMSERSO.

No citado convenio establécense, entre outras, as funcións dos/das auxiliares de enfermería. Unha das funcións alí establecidas é ‘Administración de los medicamentos orales y tópicos prescritos, previamente preparados por el ATS, así como la toma de constantes cuando las necesidades del servicio lo requieren.’

Despois de facer as comprobacións oportunas podemos asegurar que, tanto na Residencia de Maiores de Ferrol, como en calquera outra residencia dependente da Consellería de Política Social, se limitan a aplicar as funcións establecidas no citado convenio. En consecuencia, os/as auxiliares de enfermería que prestan os seus servizos nos nosos centros administran os medicamentos que previamente prepararon os/as ATS/DUE cumpríndose así escrupulosamente o que establece o Convenio Colectivo.



Por outro lado, o novo modelo de coidados no que está a traballar o Goberno galego pon no centro ás persoas a través da promoción da súa autonomía persoal, o seu benestar e dignidade humana. Este modelo sustentase nunha maior integración da atención social e sanitaria e conta co dialogo e consenso cos diferentes axentes do sector”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:07:48
Nº Rexistro: 28647
Data envío: 24/01/2022 11:07:48.000

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:07:45

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 24250** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a habilitación de centros intermedios para evacuar os casos positivos de covid nas residencias de maiores”**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os centros de coidados intermedios sociosanitarios caracterízanse por ser un recurso residencial temporal, cun período limitado, para persoas con necesidades de coidados sanitarios e/ou convalecencia, que proporcionen unha atención adaptada ás necesidades de cada caso.

Este tipo de coidados representan a transición do paciente dun episodio de hospitalización aguda á residencia, caracterizado por unha dependencia sanitaria e social e a posibilidade dunha rehabilitación óptima e cognitiva tras un proceso de hospitalización por proceso agudo.

Pola contra, as residencias integradas foron dispositivos específicos postos en marcha cando as circunstancias da pandemia por Covid-19 sobrepasaban a capacidade de illamento das residencias, co fin de trasladar a estes centros aos pacientes positivos que non precisaban hospitalización tal e como recollen os protocolos conxuntos da Consellería de Política Social e a Consellería de Sanidade, elaborados por grupos de expertos.

Neste senso, e dada a situación epidemiolóxica actual e o elevado porcentaxe de vacinación entre os residentes, polo de agora non se contempla a posta en marcha destes centros.

Por outro lado, a Consellería de Política Social está no proceso de definición e posta en marcha dos centros de coidados intermedios sociosanitarios na nosa Comunidade.



Os niveis de restrición das residencias dependen da situación epidemiolóxica xeral, do número de casos positivos nos centros residenciais, do grado de vacinación e da capacidade de illamento dos casos positivos no propio ámbito residencial.

A infección por Covid-19, ao igual que moitas outras enfermidades transmisibles, é un proceso dinámico. A derivación de usuarios de residencia positivos aparecidos nun primeiro cribado a centros integrados, en ningún caso modifica os protocolos de vixilancia dos residentes que non dando positivo xa o podían estar nese momento, e poderíase cometer o erro de implantar unha sensación de falsa seguridade nos centros favorecendo así a posible extensión dos brotes.

Neste momento de situación e control da pandemia, xunto co elevado grado de vacinación dos residentes e a baixa repercusión clínica dos usuarios positivos, non se considera necesario a evacuación de residentes positivos a outros centros no caso de que non precisen hospitalización.

No caso de que a situación epidemiolóxica xeral así o requira, habilitaranse os recursos necesarios para seguir garantindo a seguridade e benestar dos nosos maiores”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:07:33
Nº Rexistro: 28645
Data envío: 24/01/2022 11:07:33.781

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:07:31

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 24333** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Daniel Castro García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a intervención polo Goberno do Uruguai do hospital da Casa de Galicia en Montevideo”**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Emigración**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, indicar que os centros galegos do exterior son entidades xurídicas independentes que se rexen por normas internas de funcionamento suxeitos a lexislación do país onde están radicadas. A Xunta de Galicia non ten capacidade de decisión nin exercer control sobre cuestións relacionadas coas súas actividades e funcionamento interno.

Dende esa premisa inicial de que se trata de entidades independentes e autónomas, colaboramos con eles con achegas para o seu mantemento e supervivencia, especialmente importantes nestes anos de pandemia, pero fundamentalmente traballamos para coidar e potenciar o seu papel como difusores da cultura, a lingua e do patrimonio galego, así como na súa importante contribución en manter vivos os lazos de unión das comunidades galegas coa Galicia territorial.

Polo tanto, tal e como a situación o require, estamos pendentes e seguimos moi de cerca a evolución da situación na que se atopa Casa de Galicia de Montevideo e mantemos comunicación coas autoridades do país, solicitando que se esgoten todas as accións posibles, executivas e de iniciativa lexislativa, para permitir calquera opción que poida dar continuidade a que Casa de Galicia siga sendo Casa de Galicia. Por outra banda, tamén solicitamos ao Ministerio de Educación e Cultura que se tomen todas as medidas necesaria



para garantir a protección do patrimonio cultural, histórico e artístico da institución.

En relación as medidas levadas acabo nos últimos anos, a Secretaría Xeral da Emigración colaborou de xeito habitual con esta entidade no desenvolvemento das súas actividades de carácter cultural, con distintos programas e de xeito equivalente ao resto de centros galegos do mundo. No referido ao súa faceta sanitaria, a colaboración con Casa de Galicia vai encamiñada a axudar a aqueles emigrantes galegos en situación de vulnerabilidade que así o precisen. En relación a esta actividade sanitaria, debemos ter presente que é unha institución de Asistencia Médica Colectiva, enmarcada no sistema sanitario uruguaio e que presta servizo a máis de 40.000 afiliados”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:51:18
Nº Rexistro: 29296
Data envío: 28/01/2022 11:51:18.969

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:51:16

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 24349 formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a atención a persoas lesbianas, gais bisexuais e transxénero e as políticas para evitar a discriminación”**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Os centros Quérote+ son un servizo especializado de referencia na información e o asesoramento á mocidade, e a intervención dos técnicos deste servizo realízase tanto a nivel individual como grupal e comunitario.

De maneira individual: a través de consultas dos usuarios, de xeito presencial nas oficinas deste servizo, por medio de chamadas telefónicas, preguntas on line ou mensaxería instantánea.

De maneira grupal: mediante accións formativas, como as que son ofertadas en todos os institutos de educación secundaria galegos, na rede de centros de xuventude Espazo Xove, nas Oficinas de Información Xuvenil e a través das asociacións; e de maneira comunitaria, a través das mesas informativas, da participación en congresos e eventos de interese para a mocidade e dos programas de mediación xuvenil.

Así pois, o Goberno galego través do servizo Quérote+ aposta por traballar con mozos e mozas e os axentes implicados, sexa cal sexa a súa situación e localización. Este servizo, formado por un grupo de persoal técnico multidisciplinar e especializado, traballa día a día para seguir sendo un referente, tanto informativo como de asesoramento que sexa capaz de dar resposta ás dúbidas e demandas que ten a mocidade, especialmente naquelas cuestións



que máis lles afectan, ou que máis lles preocupan.

Neste sentido, o persoal do servizo Quérote+ atende a calquera mozo ou moza con independencia da súa identidade ou orientación sexual, dá resposta ás dúbidas e demandas que ten a mocidade, tendo especial consideración tamén co colectivo LGTBI. No ámbito formativo cómpre destacar a oferta de obradoiros para centros educativos sobre educación afectivo-sexual, nos que se achega a perspectiva da diversidade, así como para asociacións e concellos, que poden solicitar talleres específicos sobre diversidade afectivo-sexual”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:42:46
Nº Rexistro: 28932
Data envío: 26/01/2022 09:42:46.334

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:42:44

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 24379**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noelia Otero Lago, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración da Xunta de Galicia respecto do aumento de agresións contra persoas lesbianas, gais, transxéneros, bisexuais e intersexuais”**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia leva anos demostrando a súa implicación na loita contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, e faino ademais a través de todos os seus departamentos, pois a igualdade e non discriminación responde ao principio de transversalidade debendo estar presente en cada unha das áreas de actuación.

Neste sentido, Galicia foi a primeira comunidade que contou cunha lei, a Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que consolida o principio da igualdade de trato e non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas LGTBI.

A inclusión social plena, con independencia da diversidade de orientación sexual e de identidade de xénero, constitúe unha das prioridades do Goberno galego.



Coa finalidade de avanzar cada día máis neste compromiso, estase a traballar da man de asociacións, organizacións e colectivos LGTBI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

En particular, no marco do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero (Decreto 131/2018, do 10 de outubro) estase a loitar a prol da promoción e garantía da igualdade real e efectiva das persoas LGTBI.

O Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero é un órgano colexiado, con carácter consultivo e de participación social. Está integrado pola Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres universidades galegas, os sindicatos UXT, CCOO, CDIF e CIG e a Confederación de Empresarios de Galicia (CEG). Ademais é un órgano aberto á participación de todas as entidades que traballan na Comunidade na defensa do colectivo LGTBI, e conta actualmente con presenza de Nós Mesmas, Casco A Coruña, A.L.A.S. A Coruña, LesCoruña, Avante LGTB, Chrysallis Galicia, Pvlse de Vigo e a Rede educativa de apoio LGTBI+ de Galicia.

Froito deste traballo conxunto é o Regulamento de funcionamento do mesmo, no que se inclúe un procedemento específico para a tramitación de denuncias, e que se vén de aprobar na sesión plenaria do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que tivo lugar o día 6 de xullo de 2021.

Ademais, co obxectivo de fortalecer o movemento asociativo, o igual que en anos anteriores, no 2021 firmáronse 6 convenios de colaboración para apoiar ás organizacións e entidades que desenvolven actividades de promoción e defensa dos dereitos e intereses de persoas gays, lesbianas, transexuais, bisexuais e intersexuais.

En particular, levarán a cabo actividades e programas dirixidos á promoción, aplicación e desenvolvemento de actuacións e medidas destinadas a avanzar no fomento e a promoción da igualdade de oportunidades, da visibilidade,



sensibilización e da non discriminación do colectivo LGTBI, como son campañas de información social, acompañamento e asesoramento sobre os recursos sociais e sanitarios, formación específica para o persoal das administracións públicas ou ben materiais didácticos.

Cómpre destacar que estes convenios comezaron a asinarse no ano 2016 e no ano 2017 apareceu, por primeira vez, unha partida específica nos Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para as asociacións, organizacións e colectivos LGTBI.

En conclusión, o obxectivo do Goberno galego non é outro que o de garantir que todas as persoas, sen importar a súa orientación sexual e identidade de xénero, poidan exercer plenamente os seus dereitos con dignidade e liberdade”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:42:21
Nº Rexistro: 28930
Data envío: 26/01/2022 09:42:21.663

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:42:16

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 24423** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a anulación das prórrogas da AP9"**, (publicada no BOPG número 224 do 10 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 24424, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 251, do 4 de xaneiro de 2022, á que nos remitimos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:50:55
Nº Rexistro: 29294
Data envío: 28/01/2022 11:50:55.594

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:50:53

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 24713**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a postura da Xunta de Galicia respecto do impulso das políticas públicas en materia de servizos sociais, sanidade, seguridade e igualdade para a abolición da prostitución”**, (publicada no BOPG número 228 do 17 de novembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno Galego quere reiterar o seu absoluto rexeitamento ante unha das manifestacións máis extremas e crueis das desigualdades e da violencia contra as mulleres.

Todos os datos apuntan a que a trata, a prostitución e a explotación sexual, en calquera das súas formas, atópanse fortemente interrelacionadas entre si. Son moitos os instrumentos internacionais que inciden nesta cuestión.

Por iso, dentro da violencia de xénero e da desigualdade en xeral entre homes e mulleres, a trata con fins de explotación sexual ten unha especial gravidade, pois implica a redución máxima dunha persoa a mero obxecto, e a persoa reducida a esta condición está exposta a un trato vexatorio e incluso violento.



A situación xerada pola crise sanitaria derivada da covid-19 aumentou a situación de especial vulnerabilidade para as vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral. En consecuencia, o Goberno galego reforzou todos os dispositivos no ámbito da intervención social en estreita colaboración cas entidades sociais que conforman a Rede Galega contra a Trata.

Así pois, Galicia dispón de vivendas de seguridade para vítimas de explotación sexual que no último ano acolleron e atenderon a 32 mulleres e 8 menores en situación de risco. E tamén están activas as subvencións a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro, cuxa implicación é imprescindible para desenvolver proxectos de atención integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual e vítimas de trata. A finalidade é apoiar a recuperación e a integración social e laboral. Nestes programas atendéronse a 685 persoas no ano 2020.

A Administración autonómica reitera o seu compromiso na loita contra a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual, proseguindo o seu labor mediante o reforzo dos mecanismos de atención, apoio e información ás vítimas, que quedarán garantidos no Plan Galego contra a Trata, potenciando a colaboración e a coordinación institucional e co terceiro sector, así como con outras comunidades autónomas a través do proxecto Rede por unha vida libre de violencia para as mulleres en contextos de prostitución e para a eliminación da trata e a explotación sexual infantil e adolescente.

Ademais, cómpre destacar que o Diario Oficial de Galicia publicou, o pasado día 14 de xaneiro, a convocatoria de axudas para 2022 destinada a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro que desenvolvan proxectos de atención social integral dirixidos a persoas en situación de explotación sexual preferentemente inmigrantes e/ ou vítimas de trata de seres humanos con fins de explotación sexual e/ou laboral. As axudas contan cunha dotación de 450.000 euros.





Desde 2016 atendéronse máis de 3.600 persoas grazas a estes apoios a entidades que traballan na atención directa a vítimas de trata con fins de explotación sexual e/ou laboral. O ano pasado resultaron beneficiarias un total de nove entidades que atenderon a 626 persoas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:42:06
Nº Rexistro: 28929
Data envío: 26/01/2022 09:42:06.960

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:42:04

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 24767**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas da Xunta de Galicia para reparar a discriminación das persoas xordas no seu acceso a unha educación inclusiva”**, (publicada no BOPG número 228 do 17 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 24941 e debatida no Pleno da Cámara galega de data 23-24/11/2021; á que nos remitimos porque serviu para explicar a normativa e os protocolos educativos que sigue a Administración educativa galega para a planificación e a intervención educativa co alumnado con discapacidade auditiva ou xordeira.

A elaboración do Protocolo para a atención educativa ao alumnado con discapacidade auditiva contou coa participación de profesionais da orientación educativa, de especialistas de audición e linguaxe, de técnicos da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), de especialistas do Equipo de Orientación Específico e das asesorías técnicas docentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Asemade, a Consellería ten asinados convenios de colaboración con dúas entidades dedicadas a atención de persoas con discapacidade auditiva, como son a propia FAXPG e a Asociación de Colaboración e Promoción do xordo (ACOPROS). Estes convenios de colaboración permiten coordinar a actuación que se levan a cabo desde diferentes ámbitos, o que redanda nunha mellor actuación coas persoas con discapacidade auditiva.

E, por suposto, o ensino galego conta tamén con recursos humanos para cubrir as



necesidades de atención á diversidade do noso alumnado. Cabe sinalar que, froito da normativa e da organización de recursos, Galicia conta cun modelo de atención á diversidade que é referente para o resto de España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:07:27
Nº Rexistro: 28644
Data envío: 24/01/2022 11:07:27.125

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:07:23

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 24888**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a defensa da continuidade do complexo medioambiental de Lousame”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“En relación ao modelo de Sogama, cómpre subliñar que o Complexo Medioambiental de Cerceda cumpre con toda a normativa europea que resulta de aplicación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:07:12
Nº Rexistro: 28642
Data envío: 24/01/2022 11:07:12.625

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:07:10

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 24895 formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o grao de cumprimento da Lei 9/2019 de Garantía do Abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida a través da resposta á pregunta escrita número 24896, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, publicada no fascículo 2 do BOPG número 251, do 4 de xaneiro de 2022, á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:50:09
Nº Rexistro: 29290
Data envío: 28/01/2022 11:50:09.156

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:50:06

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 24930**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a elaboración da Estratexia Galega de Infraestrutura Verde e de Conectividade e Restauración Ecolóxica”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta acordou en xullo someter ao trámite de información pública o documento que recolle a Estratexia galega de infraestrutura verde e da conectividade e restauración ecolóxicas. O Goberno galego impulsou unha colaboración coas universidades de Santiago de Compostela e da Coruña para a elaboración dun documento de análise e cálculos dos servizos ecosistémicos, así como a identificación dos compoñentes da infraestrutura verde. Ese traballo deu como resultado as bases científico-técnicas que serven de referente para a elaboración da estratexia galega.

O proceso de consulta pública permitirá, unha vez recollida e valoradas as propostas dos sectores implicados con competencias nesta materia, elaborar o documento definitivo para a súa aprobación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:06:58
Nº Rexistro: 28640
Data envío: 24/01/2022 11:06:58.735

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:06:56

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 24938**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da pretensión do Goberno central de establecer o pago por uso das autovías”**, (publicada no BOPG número 228 do 17 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 24937, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 24 de novembro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade lamentou a falta de transparencia e diálogo do Goberno de España no impulso do pago por uso das autovías. Unha medida que, segundo advertiu, pode ter consecuencias nefastas para a competitividade da Comunidade Autónoma de Galicia.

A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:





[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=YzZiZWExNTQtMGU1OS00ZDU4LWE3MjAtNGZkMzYzZDVhMzk1&start=5599](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzZiZWExNTQtMGU1OS00ZDU4LWE3MjAtNGZkMzYzZDVhMzk1&start=5599)

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=YzZiZWExNTQtMGU1OS00ZDU4LWE3MjAtNGZkMzYzZDVhMzk1&start=5940](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=YzZiZWExNTQtMGU1OS00ZDU4LWE3MjAtNGZkMzYzZDVhMzk1&start=5940) ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29368
Data envío: 28/01/2022 14:25:16.280

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:25:12

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 24968 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o estado en que se atopan os traballos de elaboración do decreto que creará o Rexistro de Familias Monomarentais e Mono parentais de Galicia”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma, que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias. Ademais, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.



É dicir, a Xunta de Galicia está a aproveitar a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental, na mesma liña que están a facer outras comunidades autónomas.

O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.

Agora, a Consellería de Política Social está a traballar na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación.



En todo caso, o obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:06:45
Nº Rexistro: 28638
Data envío: 24/01/2022 11:06:45.282

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:06:42

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 24975 formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o novo modelo residencial para persoas maiores e dependentes previsto pola Xunta de Galicia”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia avanza cara un modelo residencial centrado na persoa, accesible e con maior intimidade. Un modelo residencial que se sustentará nunha maior integración da atención social e sanitaria.

Para iso, o 21 de decembro do 2020 constituíuse o Comité Asesor Sociosanitario encargado de deseñar este novo modelo e que conta coa participación de todos os axentes implicados: familiares de usuarios, médicos, profesionais de residencias e directivos do sector dos coidados.

Un modelo que cambiará para sempre o concepto actual das residencias para conseguir que os usuarios sintan o centro como a súa casa, sen interferir na súa vida diaria.

Para iso organizaranse unidades de convivencia máis reducidas, para incrementar a atención proactiva e personalizada. E aproveitarase a potencialidade das novas tecnoloxías para mellorar a calidade asistencial e o benestar dos usuarios, dentro dun envellecemento activo e saudable.

Un modelo que se perpetuará no tempo, baseado no aprendido durante a pandemia. Por iso, a súa implantación debe ser progresiva e a dúas velocidades: con medidas que se poidan



facer de xeito case inmediato e outras que necesitarán unha implantación no tempo.

Para poder levar a cabo isto é fundamental a modificación da normativa; unha maior integración das residencias coa atención médica primaria e hospitalaria; así como a investigación, innovación e formación continuadas.

Nesta liña, o pasado mes de outubro o Goberno galego puxo en marcha o primeiro living lab sociosanitario na residencia de maiores da Estrada, un entorno experimental que permite a cocreación de innovación impulsada polos usuarios e profesionais, e que desenvolve solucións tecnolóxicas para integralas no novo modelo de coidados.

Ademais, cos fondos europeos vertebrados no Plan de Recuperación, construiremos no Concello de Ribeira a primeira residencia pública do novo modelo de coidados sociosanitarios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29070
Data envío: 27/01/2022 08:09:18.582

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:09:15

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 25037**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Susana Díaz Varela, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a resolución da convocatoria das axudas do Programa Emega de 2021”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O programa Emega consolídase como medida específica para o fomento do emprendemento feminino, comprendendo as seguintes liñas e axudas complementarias:

a) Liña Emprende: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a posta en marcha de novas iniciativas empresariais e a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

b) Liña Innova: liña de axudas económicas mediante incentivos para promover a implantación de medidas innovadoras para a mellora da competitividade en empresas constituídas por mulleres, e que impliquen a creación de emprego feminino vinculado ao proxecto de mellora.

c) Liña Activa: liña de axudas económicas mediante incentivos para favorecer a reactivación e consolidación de empresas constituídas por mulleres, a través de medidas de renovación, implantación, ampliación ou cambio de localización da actividade dirixidas a paliar unha situación económica adversa, e que resulten



necesarias para o mantemento do emprego por conta propia e por conta allea, así como para acadar o necesario equilibrio empresarial e asegurar a súa pervivencia e consolidación no actual contexto económico.

d) Liña ITEF: liña de axudas económicas mediante incentivos para impulsar a implantación de iniciativas empresariais de carácter innovador, con contido científico ou con base tecnolóxica, promovidas por mulleres e que supoñan a creación de emprego feminino estable por conta propia e allea.

e) Concilia: axuda complementaria das liñas Emprende, Innova, Activa e ITEF para promover a conciliación da vida persoal, familiar e laboral, nas súas dúas modalidades:

- Concilia-promotoras e
- Concilia-persoas traballadoras por conta allea.

O programa Emega de emprendemento feminino, é unha iniciativa autonómica que só na convocatoria do ano 2021 permitiu a posta en marcha de 234 novos proxectos e a consolidación de 512 empregos, segundo se recolle na resolución destas axudas no Diario Oficial de Galicia (DOG) do 19 de novembro do 2021.

No ano 2021 precisamente vense de conmemorar o 25 aniversario da posta en marcha do Programa Emega, o éxito, a continuidade e o fortalecemento deste programa no tempo demostra que un dos piares "irrenunciabes" sobre os que se asenta a actuación da Xunta de Galicia e a procura da igualdade de oportunidades entre os galegos e galegas.

O programa Emega, erixiuse como "punta de lanza" da promoción da igualdade no eido laboral, o apoio do Goberno galego a estas iniciativas susténtase en que sempre se creu no liderado, talento, capacidade resolutiva das mulleres para saír adiante e procurar oportunidades especialmente nos tempos máis duros da pandemia.



En 2021, para apoiar o emprendemento feminino, a Xunta incrementou nun 54% o orzamento do programa Emega ata chegar aos 3,2 millóns de euros. Aumentáronse todos os incentivos en 2.000 euros, polo que as contías para as mulleres beneficiarias desta última convocatoria oscilan entre os 8.000 e 42.000 euros, segundo os postos de traballo xerados. Só nos últimos doce anos (2009-2021), a Xunta investiu neste programa máis de 14 millóns de euros para apoiar 1.134 iniciativas empresariais femininas, permitindo consolidar 2.113 postos de traballo femininos.

Así a Xunta vén de reforzar para 2022 a dotación orzamentaria desta iniciativa, que alcanzará os 4,2 millóns de euros, o importe máis alto de toda a súa historia.

Galicia está contribuindo coas súas políticas públicas a afianzar o emprendemento feminino, xa que conta cunha taxa de emprendemento feminino do 6,8% fronte ao 3,7% masculino, o que sitúa a Galicia á cabeza do resto das comunidades, só superada por Cataluña”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:41:41
Nº Rexistro: 28927
Data envío: 26/01/2022 09:41:41.757

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:41:38

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 25093 formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da política de conciliación e corresponsabilidade”**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia é unha comunidade autónoma de referencia na adopción de políticas destinadas a favorecer a conciliación e a corresponsabilidade das familias, co obxectivo de facilitar que todas as familias poidan desenvolver a súa carreira profesional sen que ningún dos proxenitores teñan que renunciar a este progreso na respectiva contorna laboral.

A Consellería de Política Social leva anos apostando de xeito decidido por estas políticas, e proba disto é -por exemplo- a implantación da gratuidade na atención educativa das escolas infantís 0-3 para os segundos irmáns e sucesivos, que se aplicará a todos os alumnos destas escolas a partir do curso 2022/23. Galicia é a primeira comunidade autónoma que adopta esta medida, coa finalidade de universalizar o acceso ao primeiro ciclo de Educación Infantil para todas as familias.

E para aquelas zonas xeográficas onde non existen escolas infantís porque non hai un número suficiente de alumnos para facer viable estes recursos, a Consellería de Política Social impulsa desde o ano 2016 as casas-niño, que buscan achegar un recurso de conciliación 100% gratuítos a familias que viven en concellos pouco poboados sen recursos de conciliación, de xeito que teñan as mesmas oportunidades que as familias dos concellos con maior poboación.



En definitiva, a Xunta de Galicia segue apostando por políticas que favorezan a conciliación e a corresponsabilidade, e así se plasma de novo nos Orzamentos da Consellería de Política Social para o exercicio 2022”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:06:23
Nº Rexistro: 28635
Data envío: 24/01/2022 11:06:23.720

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:06:20

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25101** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a política da Xunta de Galicia en relación coas familias monoparentais"**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

"A Comunidade Autónoma de Galicia abordou por primeira vez a regulación das familias monoparentais no capítulo II da Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Este capítulo engloba aqueles grupos de familias, entre as que se atopan as familias monoparentais, que polas súas condicións especiais requiren un tratamento máis favorable e unha especial consideración por parte dos poderes públicos.

O artigo 13 da dita norma, que recolle o concepto de familia monoparental, foi obxecto de modificación pola Disposición Derradeira Terceira da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, no que se revisa o concepto de familia monoparental para adaptalo á realidade social actual das familias. Ademais, a lei 5/2021, do 2 de febreiro, contempla a especial consideración das familias monoparentais coa aprobación dun plan de apoio e co mandato de creación do Rexistro de Familias monoparentais.

Porén, é necesario desenvolver aspectos da normativa en relación coa regulación das familias monoparentais dado que a regulación actual non detalla os requisitos e medios de acreditación necesarios para o recoñecemento en cada caso da condición de familia monoparental e o procedemento de emisión e expedición dos certificados de familia monoparental. A maior abundamento, a nova regulación permitirá regular a creación do rexistro de familias monoparentais, desenvolvendo a súa organización e xestión.



É dicir, a Xunta de Galicia está a aproveitar a tramitación do decreto que permitirá a creación do Rexistro de Familias Monoparentais para abordar tamén a regulación completa da condición de familia monoparental, na mesma liña que están a facer outras comunidades autónomas.

O desenvolvemento desta regulación posibilitará que se clarifique e desenvolva a normativa reguladora da condición de familia monoparental, permitindo que as familias poidan acceder ao recoñecemento da condición de familias monoparental e ser inscritas no rexistro creado pola norma, o que lles permitirá beneficiarse da acción protectora prevista para estas unidades familiares.

Neste sentido, a regulación da condición de familia monoparental (desenvolvemento do concepto de familia monoparental, requisitos de acceso, tipos de familia monoparental, límites de idade, documentación acreditativa, etc) ten o obxectivo de xerar seguridade xurídica e establecer un procedemento específico que unifique o acceso aos posibles beneficios que neste ámbito vaian xerando as distintas Administracións Públicas, incluídos aqueles que xa se están a aplicar na actualidade.

Para realizar todo isto, a Xunta de Galicia completou xa un proceso de consulta pública previa para a aprobación do futuro decreto que regulará o rexistro de familias monoparentais e o seu acceso.

Sobre isto, desde a Consellería de Política Social téñense realizado nos últimos meses contactos coas distintas organizacións de familias monoparentais para fomentar a súa participación neste proceso, e froito deste traballo téñense recibido medio cento de achegas.

Agora, a Consellería de Política Social está a traballar na elaboración do borrador de decreto, que tamén será sometido a información pública para coñecer a opinión da sociedade galega e como paso previo á súa posterior aprobación. Polo tanto, obviamente non é posible detallar a definición de familia monoparental que se recollerá no decreto, toda vez que o mesmo se atopa en proceso de elaboración.





En todo caso, o obxectivo da Consellería de Política Social é acadar o maior consenso posible na súa tramitación, de xeito que o novo decreto sexa unha ferramenta útil para mellorar a vida das familias monoparentais e, por extensión, de toda a sociedade galega”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29068
Data envío: 27/01/2022 08:08:55.082

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:08:52

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25244** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Noa Díaz Varela, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia de asumir os servizos da súa competencia, actualmente prestados polas entidades locais, relativos aos conservatorios profesionais de música”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Universidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta por escrito á pregunta con número 16634 e publicada no BOPG número 178, de data 02/08/2021; á que nos remitimos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:06:16
Nº Rexistro: 28634
Data envío: 24/01/2022 11:06:16.001

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:06:13

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25311** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia para a creación dunha nova residencia de maiores pública e centro de día no antigo inmovible do Rebullón en Mos”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Galicia duplicou desde o ano 2009 a oferta de prazas sostidas con fondos públicos en residencias de maiores pasando 5.500 a máis de 13.000. Isto é 8.000 prazas e residencias públicas e concertadas, e 5.000 bonos para axudar ás familias a pagar unha praza na residencia que prefiran.

Ás prazas públicas residenciais actuais que hai na area social de Vigo sumaranse 150 máis correspondentes ao novo equipamento que está en fase de construción nesta cidade dentro do plan ‘Como na casa’.

Estas 150 prazas inclúense dentro das 900 prazas totais nos sete novos equipamentos residencias públicos que actualmente están en fase de construción nas cidades de A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Vigo, Lugo e Ourense, 150 prazas en cada un dos centros de A Coruña e Vigo e 120 prazas nos centros de Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra, Lugo e Ourense respectivamente.

Estes novos equipamentos supoñen un impulso á ampliación da rede pública residencial para persoas maiores en situación de dependencia, reforzando a atención das persoas maiores dando máis cobertura a un maior número de persoas.



Estas novas prazas públicas suporán un avance significativo na ratio de cobertura das necesidades de atención residencial das persoas maiores, coa conseguinte diminución das persoas que se atopan no Programa de Asignación de Recursos á espera dun servizo de atención residencial.

No que respecta ao inmovible do Rebullón no concello de Mos, a Consellería de Política Social e o Concello teñen en estudo e análise un proxecto para ese complexo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29066
Data envío: 27/01/2022 08:08:30.831

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:08:28

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 25425**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para ampliar e reforzar a rede de Centros de Información ás Mulleres a través do impulso de modificacións no Decreto 130/2016, do 15 de setembro”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O pasado 23 de setembro de 2021, a secretaría xeral da igualdade, deu resposta á pregunta oral número de rexistro 18881, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego respecto do reforzo dos servizos de información e atención a mulleres en situación de violencia machista, na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.

O Goberno Galego aposta decididamente polo mantemento dos Centros de Información ás Mulleres (CIM), incrementando o orzamento para o 2022 nun 10,5% con respecto a 2021. En total, desde 2009, a Xunta destinou máis de 38,3 millóns de euros no apoio ao funcionamento destes centros.

Actualmente Galicia conta con 84 CIM, logo das últimas acreditacións do CIM de Pereiro de Aguiar, e o CIM de Carballeda de Avia, tendo estes recursos representación nas catro provincias, para a atención, orientación, asesoramento e apoio ás mulleres, no ámbito do fomento do asociacionismo, emprendemento e



tamén, e en especial, para as vítimas de violencia de xénero e as súas fillas e fillos, así como para as mulleres vulnerables.

Asemade cómpre recordar que os CIM son de titularidade municipal, a Xunta de Galicia asesora, acompaña na creación de ditos centros, e financia o persoal, así como a formación dentro do Plan Anual para profesionais dos CIM.

Ademais, a modalidade de financiamento é con fondos propios da Comunidade Autónoma de Galicia, o que representa unha constatación do recoñecemento por parte da administración autonómica da importancia e a necesidade deste recurso”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:49:44
Nº Rexistro: 29288
Data envío: 28/01/2022 11:49:44.922

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:49:41

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 25445 formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación da rede galega de atención temperá e as medidas que ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir os dereitos das crianzas usuarias deste servizo”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou a conselleira de Política Social, Fabiola García, o pasado día 21 de decembro do 2021 no pleno do Parlamento galego en resposta a unha interpelación do grupo parlamentario PSdeG-PSOE, con número de rexistro 25764 sobre o servizo de atención temperá, o Goberno galego incrementará nun 82% o orzamento destinado a esta prestación para mellorar o servizo e ampliar o número de unidades.

O vindeiro ano se destinarán 6,2 millóns de euros fronte aos 3,4 millóns de euros no ano 2021, o que permitirá manter as unidades xa existentes e abrir novas unidades ata chegar a un total de 50 unidades. Así mesmo, mellorarase o servizo ao financiar o 100% das horas prestadas e ao incrementar nun 5% o prezo por hora. Neste sentido, nos últimos 11 anos o compromiso da Xunta coa atención temperá non deixou de incrementarse ao multiplicar por 12 o seu investimento e pasar de dúas unidades abertas no ano 2009 ás 36 actuais.

Nestes momentos, o Goberno galego mantén un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) para o mantemento das unidades do Deza, Bergantiños e a comarca do Salnés que dan cobertura a un total de 22 concellos e financia a posta en marcha de 33 unidades municipais que presta servizo a outros 145 concellos e atenden a máis de 2000 nenas e nenos.



A colaboración do Goberno galego coas entidades sociais e locais permitiu que a atención temperá pasara nos últimos anos de ser un servizo ao alcance duns poucos e afincado nas cidades a ser unha prestación de proximidade, totalmente gratuíta e accesible. Así mesmo, este mesmo ano impulsouse o primeiro Plan de formación destinado aos profesionais do sector para seguir mellorando a calidade e unificar criterios de atención”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29064
Data envío: 27/01/2022 08:08:08.424

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:08:06

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25456** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a Estratexia galega de envellecemento activo 2016-2020”**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Estratexia galega sobre envellecemento activo dende a innovación, considérase un instrumento fundamental para a planificación e enfoque das políticas públicas da Xunta de Galicia no ámbito dos maiores.

A execución e posta en marcha das actuacións previstas para o período 2016-2020 contribuíu a posicionar a Galicia como un referente en envellecemento activo e saudable a través da mellora do benestar e da calidade de vida das persoas a medida que envellecen.

A Estratexia establece como colectivos crave, principais a destinatarios das medidas previstas, as persoas de idades máis avanzadas (maiores de 80 anos), as persoas que envellecen na contorna rural, as mulleres maiores e as persoas maiores con diversidade funcional.

As principais actuacións executadas durante o período 2016-2020 foron:

Accesibilidade universal: a Consellería de Política Social concedeu distintas subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo Programa Operativo do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014- 2020;



Novas tecnoloxías: fomento da utilización das TICs

Promoción do envellecemento activo: entre as que se atopan o Programa Benestar en balnearios; Programa de benestar a través da talasoterapia; Xuntanzas de maiores; Programa lecer activo; Formación persoas maiores; etc...”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/01/2022 09:30:00
Nº Rexistro: 29062
Data envío: 27/01/2022 08:07:44.243

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 27/01/2022 8:07:41

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25689** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego para elaborar o Plan de Desenvolvemento Rural para Galicia”**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Nun mundo cada vez máis complexo e fragmentado, o principal reto das distintas Administracións públicas é garantir a cohesión social: Cohesión económica, para que os fogares desfavorecidos non queden descolgados do progreso; cohesión interxeracional, que se atopa no punto de unión dos intereses da mocidade e das persoas maiores; e cohesión territorial, para equiparar as posibilidades das familias do rural e as das que viven nas contornas urbanas.

Neste senso, o Goberno galego puxo en marcha as casas niño, un modelo de atención á infancia de cero a tres anos adaptado ás características dos concellos do ámbito rural de Galicia nos que non existan modelos tradicionais de servizos de atención á primeira infancia.

As casas niño son 100% gratuítas para as familias, ofrecen unha atención personalizada de luns a venres a un máximo de cinco nenas e nenos durante oito horas diarias nun horario flexible.

Actualmente hai preto de 90 casas niño en funcionamento, que prestan un servizo de conciliación fundamental en concellos de menos de 5.000 habitantes. O orzamento da Xunta de Galicia para o vindeiro ano dedicado ás casas niño é de 2,4 millóns de euros, co fin de



superar os 100 centros en marcha no ano 2022.

Para favorecer o envellecemento de proximidade, o Goberno galego puxo en marcha as casas do maior, mini centros de día no rural. As casas do maior son un servizo gratuíto de atención diúrna a persoas maiores de 60 anos, cun máximo de cinco prazas cada unha para asegurar un coidado personalizado.

Na actualidade hai preto de 90 casas do maior en funcionamento. Os orzamentos do 2022 para as incrementa un 22% para finalizar o ano con máis de 120 centros en marcha”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:49:19
Nº Rexistro: 29286
Data envío: 28/01/2022 11:49:19.078

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:49:16

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 25766**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Marina Ortega Otero, e outros/as deputados/as do mesmo grupo sobre **“as previsións da Xunta de Galicia respecto do deseño dunha estratexia de estabilidade económica e funcional para o servizo de atención temperá”**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“Tal e como informou a conselleira de Política Social, o pasado día 21 de decembro do 2021 no pleno do Parlamento galego en resposta a unha interpelación do grupo parlamentario PSdeG-PSOE, con número de rexistro 25764 sobre o servizo de atención temperá, o Goberno galego incrementará nun 82% o orzamento destinado a esta prestación para mellorar o servizo e ampliar o número de unidades.

O vindeiro ano se destinarán 6,2 millóns de euros fronte aos 3,4 millóns de euros no ano 2021, o que permitirá manter as unidades xa existentes e abrir novas unidades ata chegar a un total de 50 unidades. Así mesmo, mellorarase o servizo ao financiar o 100% das horas prestadas e ao incrementar nun 5% o prezo por hora. Neste sentido, nos últimos 11 anos o compromiso da Xunta coa atención temperá non deixou de incrementarse ao multiplicar por 12 o seu investimento e pasar de dúas unidades abertas no ano 2009 ás 36 actuais.



Nestes momentos, o Goberno galego mantén un convenio de colaboración coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT) para o mantemento das unidades do Deza, Bergantiños e a comarca do Salnés que dan cobertura a un total de 22 concellos e financia a posta en marcha de 33 unidades municipais que presta servizo a outros 145 concellos e atenden a máis de 2000 nenas e nenos.

A colaboración do Goberno galego coas entidades sociais e locais permitiu que a atención temperá pasara nos últimos anos de ser un servizo ao alcance duns poucos e afincado nas cidades a ser unha prestación de proximidade, totalmente gratuíta e accesible. Así mesmo, este mesmo ano impulsouse o primeiro Plan de formación destinado aos profesionais do sector para seguir mellorando a calidade e unificar criterios de atención”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/01/2022 09:40:51
Nº Rexistro: 28924
Data envío: 26/01/2022 09:40:51.164

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 26/01/2022 9:40:43

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25870**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luís Bará Torres, sobre **“as razóns da limitada execución orzamentaria do Instituto de Estudos de Territorio en inversións reais no ano 2020”**, (publicada no BOPG número 244 do 20 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Instituto de Estudos do Territorio (IET) contou en 2020 cun orzamento axeitado á súa capacidade operativa, por importe superior aos 3,5 millóns de euros.

A parte non executada correspóndese na súa maior parte con fondos finalistas do Estado e con proxectos europeos nos que participa o IET, nos que o importe adiouse ao ano 2021 de acordo coa porcentaxe do fondo correspondente.

Con todo, cómpre ter en conta as extraordinarias circunstancias do ano 2020, que afectaron aos trámites administrativos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/01/2022 11:05:42
Nº Rexistro: 28631
Data envío: 24/01/2022 11:05:42.580

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/01/2022 11:05:32

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtqp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25884** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carmen Aira Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego en relación coa recuperación demográfica”**, (publicada no BOPG número 244 do 20 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia leva anos traballando de xeito proactivo na fixación de poboación naquelas zonas de Galicia menos poboadas. Por poñer dous exemplos concretos, proba disto son actuacións como o programa de Impostos Cero no Rural, con beneficios fiscais específicos na adquisición de vivenda para aquelas parroquias consideradas zonas pouco poboadas (ZPP) en función dos criterios de Eurostat, ou como o impulso a proxectos específicos no eido social coma as casas-niño, que se están a desenvolver en concellos de menos de 5.000 habitantes que carecen de recursos de conciliación.

Ademais, adicionalmente a Xunta de Galicia está a traballar co resto de comunidades autónomas e co Goberno central nos traballos técnicos de elaboración dun indicador multidimensional de situación e sinopse territorial, co obxectivo de especificar os criterios das zonas de prioridade demográfica, tal como establece o borrador de Estratexia Nacional no que traballan Comunidades Autónomas e



Goberno central.

En todo caso, Galicia é unha comunidade autónoma de referencia na adopción de medidas no eido demográfico, e como exemplo a aprobación da Lei de Impulso Demográfico de Galicia, a primeira destas características aprobada en España”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 11:49:06
Nº Rexistro: 29285
Data envío: 28/01/2022 11:49:06.718

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 11:49:03

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 26178**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Diego Calvo Pouso e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas tomadas polo Goberno galego encamiñadas a garantir a execución do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural que ten asignados para a actuación de obras relacionadas coa xestión da auga correspondentes ao período operativo 2014-2020”**, (publicada no BOPG número 244 do 20 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida pola conselleira de Infraestruturas e Mobilidade en resposta á pregunta oral en Pleno número 26179, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día do Pleno celebrado o 22 de decembro de 2021, á que nos remitimos.

Na súa intervención, a conselleira de Infraestruturas e Mobilidade instou á Dirección Xeral da Costa e o Mar, dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica, a axilizar os trámites e a aplicar sentido común para avanzar en actuacións estratéxicas de saneamento das rías galegas e evitar así a perda dos fondos europeos consignados para a súa execución.



A resposta completa da conselleira de Infraestruturas e Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MGQ5ZTlkZTYtNTcyZC00NDdjLWEzMTQ0tYjY3NDA4ZjcxYWUz&start=7134> ”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/01/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 29366
Data envío: 28/01/2022 14:24:58.686

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 28/01/2022 14:24:54

CSV: BOPGDSPG-5Qrgrtp5-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





De: Comisión Mixta para la Unión Europea <cmue@congreso.es>

Enviado el: martes, 25 de enero de 2022 9:15

Asunto: Remisión a efectos del artículo 6.1 de la Ley 8/1994 [COM(2022) 4]

Asunto: Propuesta de DECISIÓN DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO relativa a la concesión de una ayuda macrofinanciera a la República de Moldavia [COM(2022) 4 final] [2021/0438 (COD)] [SWD(2022) 1 final]

En aplicación del artículo 6.1 de la Ley 8/1994, de 19 de mayo, la Comisión Mixta para la Unión Europea remite a su Parlamento, por medio del presente correo electrónico, la iniciativa legislativa de la Unión Europea que se acompaña, a efectos de su conocimiento y para que, en su caso, remita a las Cortes Generales un dictamen motivado que exponga las razones por las que considera que la referida iniciativa de la Unión Europea no se ajusta al principio de subsidiariedad.

Aprovecho la ocasión para recordarle que, de conformidad con el artículo 6.2 de la mencionada Ley 8/1994, el dictamen motivado que, en su caso, apruebe su Institución debería ser recibido por las Cortes Generales en el plazo de cuatro semanas a partir de la remisión de la iniciativa legislativa europea.

Con el fin de agilizar la transmisión de los documentos en relación con este procedimiento de control del principio de subsidiariedad, le informo de que se ha habilitado el siguiente correo electrónico de la Comisión Mixta para la Unión Europea: cmue@congreso.es

SECRETARÍA DE LA COMISIÓN MIXTA PARA LA UNIÓN EUROPEA





COMISIÓN
EUROPEA

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

25 XAN. 2022

Núm. 28869

Bruselas, 4.1.2022
COM(2022) 4 final

2021/0438 (COD)

Propuesta de

DECISIÓN DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO

relativa a la concesión de una ayuda macrofinanciera a la República de Moldavia

{SWD(2022) 1 final}



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. CONTEXTO DE LA PROPUESTA

• Razones y objetivos de la propuesta

En los últimos años, la República de Moldavia ha hecho frente a numerosas dificultades, también en el ámbito económico y político. En 2020, la pandemia de COVID-19, así como la sequía durante el verano, tuvieron un efecto negativo considerable en el crecimiento, habiéndose reducido el PIB un 7 %, la recesión más fuerte desde la crisis financiera mundial. La recesión económica se vio agravada por una prolongada crisis política tras las elecciones presidenciales de noviembre de 2020, que finalmente se resolvió con las elecciones parlamentarias de julio de 2021. Desde agosto, cuando asumió sus funciones el nuevo Gobierno de talante reformista, todas las fuerzas políticas de Moldavia (incluidos el presidente, el Gobierno y el Parlamento) están alineadas, apoyando un ambicioso programa común de reformas, centrado en ámbitos políticos clave como las reformas del sector judicial, la buena gobernanza y la lucha contra la corrupción.

Sin embargo, a pesar del renovado impulso político y del firme compromiso de implementar reformas, Moldavia sigue enfrentándose a importantes retos, como son la gobernanza, la corrupción, la limitada capacidad administrativa y la reciente crisis energética, que debilitó aún más la estabilidad económica de Moldavia y sometió al país a un difícil proceso de negociación con Gazprom (el 29 de octubre se firmó un nuevo acuerdo de suministro de gas).

En este contexto, y habida cuenta de las considerables necesidades de financiación de Moldavia, con un déficit de financiación exterior estimado del 1,2 % del PIB en 2022, el Gobierno moldavo solicitó una nueva ayuda macrofinanciera de la UE el 19 de noviembre de 2021, tras un acuerdo administrativo del FMI (anunciado el 21 de octubre de 2021) sobre un Servicio de Crédito Ampliado/Servicio Ampliado del Fondo de tres años por valor de 564 millones USD.

En el contexto de una renovada estabilidad política y tras una evaluación exhaustiva de la situación política y económica de Moldavia, la Comisión presenta al Parlamento Europeo y al Consejo una propuesta de concesión de una nueva ayuda macrofinanciera de 150 millones EUR en beneficio de la República de Moldavia, de los cuales 120 millones EUR serían en forma de préstamos y 30 millones EUR en forma de subvenciones.

La ayuda macrofinanciera propuesta ayudaría a Moldavia a cubrir parte de sus necesidades residuales de financiación exterior, que se estiman en 480 millones USD, en el contexto del nuevo programa del FMI durante el período 2021-2025.

El desembolso se llevaría a cabo en tres tramos y el abono de cada tramo, incluido el primero, estaría estrictamente vinculado al progreso satisfactorio en la ejecución del programa del FMI y de una serie de medidas políticas adicionales que serán acordadas entre la Comisión y las autoridades indicadas en un memorando de entendimiento (ME). Es probable que el ME se centre en reformas políticas que aborden la recuperación de activos relacionadas con el fraude bancario de 2014, la continuación de las reformas de la gestión de las finanzas públicas, la reforma del sector de la justicia, el sector energético y el entorno empresarial en general. Está previsto que la realización de la operación propuesta tenga lugar al mismo tiempo que el apoyo a través de operaciones presupuestarias financiadas por el Instrumento de Vecindad, Cooperación al Desarrollo y Cooperación Internacional (IVCDI).

Como se explica con más detalle en el documento de trabajo de los servicios de la Comisión que acompaña a la presente propuesta, la Comisión considera —teniendo en cuenta también la evaluación de la situación política realizada por el Servicio Europeo de Acción Exterior— que



se cumplen las condiciones políticas y económicas para la realización de la operación de AMF propuesta.

- **Contexto general**

A pesar de una notable recuperación tras la grave recesión de 2020, las perspectivas macroeconómicas de Moldavia siguen siendo vulnerables. Esto se debe en parte a la difícil situación actual causada por la pandemia (con un aumento del número de casos de COVID-19 y una tasa de vacunación relativamente baja por debajo del 30 % a principios de diciembre de 2021), así como a la reciente crisis del gas que ha sometido a Moldavia a nuevas tensiones financieras. A esto se suman las importantes deficiencias estructurales, en particular la limitada capacidad administrativa, la necesidad de seguir mejorando la gobernanza y la lucha continua contra la corrupción.

Tras un fuerte descenso en 2020, causado por la pandemia, la economía registró una recuperación considerable en el primer semestre de 2021, con un aumento del PIB del 11,5 %, aunque en gran parte debido al bajo nivel de partida. Se prevé que el crecimiento se ralentice en el segundo semestre del año, con un aumento de la inflación y un debilitamiento del consumo de los hogares. En este contexto, el FMI y el Banco Mundial prevén una recuperación global de alrededor del 7 % para este año en su conjunto y una disminución del 4,5 % del PIB el próximo año.

Tras una significativa desinflación el año pasado, la inflación medida por el Índice de Precios al Consumo (IPC) registró un fuerte repunte en 2021, hasta el 8,8 % en octubre, muy por encima de la tasa objetivo fijada por el Banco Nacional de Moldavia (BNM), que se situó en el 5 % +/- 1,5 puntos porcentuales. Esta evolución puede explicarse en su mayor parte por la subida de los precios de los alimentos, así como por el aumento de las tarifas energéticas. En respuesta a la elevada presión inflacionista, el banco central elevó varias veces a lo largo del año su tipo de interés oficial, situándolo en el 5,5 % en octubre. El BNM prevé una inflación de dos dígitos en el primer semestre de 2022, hasta el 15 %, parte de la cual se considera de carácter transitorio, aunque también puede dar lugar a un mayor endurecimiento de la política monetaria.

